


2015

MEMORIA DE ACTIVIDADES

DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

2015

MEMORIA DE ACTIVIDADES

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

Edita:

Consello Galego de Relacións Laborais

Algalia de Abaixo, 24

Tel.: 981 541 601

Fax: 981 541 610

E-mail: info.cgri@xunta.es

Santiago de Compostela

Realiza: Difux, S.L.

ISSN: 2386-9186 (edición internet)

2015

MEMORIA DE ACTIVIDADES

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

CERTIFICACIÓN

Marisa Peña Cebreiro, secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais,

CERTIFICA: Que na xuntanza do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, celebrada o 28 de xaneiro de 2016, foi aprobada por unanimidade a memoria de actividades do Consello correspondente ao exercicio de dous mil quince.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

ÍNDICE

11	O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
21	PLENOS, PERMANENTES E COMISIÓNS DE TRABALLO EN 2015
31	EMISIÓN DE DITAMES
43	SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLITOS: XESTIÓN DO AGA
55	O PAPEL DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA
67	CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS
75	PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E ESTUDOS
85	PERSOAL DO CONSELLO
89	CONCERTOS DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS
93	GASTOS ORZAMENTARIOS



Demetrio Fernández López
Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais

LIMIAR

A Memoria do Consello Galego de Relacións Laborais sae un ano máis á luz tratando de recoller unha escolma das actividades desenvolvidas polo organismo no transcurso do último ano.



O ano 2015 foi un ano de intensa actividade no Consello no que atinxe aos eidos de actuación que nos marca a Lei reguladora. A saber: o Consello exerceu a súa función consultiva ditaminando as normas que nos remitiu a Xunta de Galicia, facendo un esforzo a prol do consenso no relativo ao posicionamento e parecer das organizacións; xestionou con axilidade os procedementos de mediación e arbitrase en conflitos colectivos que se suscitaron ao abeiro do AGA; prestou un apoio técnico ás mesas de negociación de convenios colectivos e estimulou a negociación colectiva ata o límite que nos permite a autonomía dos suxeitos negociadores, e finalmente, no ano 2015 se fomentou o debate social sobre temas de actualidade coa celebración da XXV edición do Curso Superior de Relacións Laborais e con xornadas e seminarios que chegaron a máis dun milleiro de persoas.

En definitiva, o ano rematado foi un ano normal e co traballo habitual do Consello. Este traballo desenvolveuse nun contexto socioeconómico e laboral tremendamente complexo e adverso. A situación real que presenta a negociación colectiva en Galicia é certamente preocupante. Se negociou pouco, se negociou o mellor que se puido,

pero non ben e amósase unha atonía e unha pobreza nos convenios colectivos que representa un auténtico perigo na construción e o mantemento dunhas relacións laborais que se modernicen e que se desenvolvan en paz social. Máis do 65% dos convenios colectivos vixentes en Galicia están en prórroga tácita, isto é, tiñan que estar negociados e asinados de novo e non o están, viven grazas á ultraactividade. Os contidos diminúen en calidade e cantidade de ano en ano. Os incrementos salariais pactados son os máis baixos en décadas. O número de inaplicacións de convenios crece ano tras ano, sen control de ningún tipo, etc, etc. Creo que é unha obriga do Consello alertar desta situación, e creo que é unha obriga inaplazable de quen compoñemos o Consello tratar de revertela e tratar de apoupar unha mellora da estrutura, dos contidos e da cobertura da negociación colectiva galega. Probablemente unha gran parte do crecemento económico e da paz social dos vindeiros anos nos vai nisto.

Compre para rematar subliñar que todo o traballo que se fixo no Consello neste ano e en todos os anos anteriores se fixo grazas ao traballo serio, rigoroso, profesional e socialmente comprometido do persoal do organismo e grazas á implicación sen matices do SN de CC.OO. de Galicia, CIG, UGT-Galicia e a CEG. Sen os uns e sen os outros sería materialmente imposible e non pasaría dunha anécdota o noso traballo no marco laboral galego.

Demetrio Fernández López
*Presidente do Consello Galego
de Relacións Laborais*



O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Natureza xurídica e
regulación

Competencias

Composición

Estrutura e
funcionamento



Pleno do Consello

Natureza xurídica e regulación

A lei reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais, Lei 5/2008, do 23 de maio, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 11 de xuño de 2008, veu dar resposta a unha demanda dos axentes económicos e sociais galegos, xa que este organismo constitúe o único foro de participación institucional propio, ao non formar parte nel ningunha outra organización social ou profesional. A lei dota o Consello de personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, aínda que o adscribe organicamente á consellería competente en materia de traballo.

Esta lei veu así mesmo reforzar a neutralidade e non-interferencia na autonomía de sindicatos e asociacións empresariais, ao regulamentar que o nomeamento e cesamento de altos cargos do organismo conte coa conformidade das persoas membros das representacións sindicais e empresariais que integran o seu Pleno.

A súa regulación complétase coa Resolución do 23 de outubro de 2008, publicada no DOG do 13 de novembro de 2008, pola que o Consello fai público o seu regulamento interno de organización e funcionamento.

Competencias

As competencias do Consello, establecidas no artigo 3 da lei reguladora e no artigo 10 do regulamento interno, son as seguintes:

- Elaborar e remitirles, por propia iniciativa, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e formularlles propostas en materia de política laboral.
- Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente.
- Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución española e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios, nos ámbitos territorial e sectorial
- Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendar a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.
- Desenvolver as actuacións que considere necesarias para acadar o acordo marco interprofesional sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, previsto na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

- Promover e facilitar a mediación e arbitraje previstos nos conflitos laborais, por pedido das partes interesadas. Para tal fin poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitaxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.
 - Ter información actualizada do desenvolvemento do AGA (Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos do Traballo), así como controlar o seu funcionamento e impulsar a súa ampliación.
 - Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e as competencias que o Pleno determine.
 - Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma tanta información precise para o desempeño das súas funcións.
 - Xestionar os acordos que lles sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.
 - Desenvolver as funcións que o RD 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2º
- Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral da comunidade autónoma e a memoria anual sobre a actuación do Consello
- Aprobar o orzamento do Consello para cada exercicio.
 - Promover a participación en conferencias ou congresos de interese laboral, así como nas iniciativas de estudos, debates, etc., vinculados coa difusión de cuestións relacionadas co dereito laboral.
 - Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias.
 - Aprobar a planificación anual de actividades do Consello.
 - Examinar o desenvolvemento das relacións laborais en Galicia e propoñer medidas que contribúan á súa mellora.
 - Aqueloutras funcións asignadas ao Consello, non atribuídas expresamente a outro órgano no Regulamento de Funcionamento Interno do organismo.

Composición

Segundo a súa normativa reguladora, o Consello está integrado por quen exerza a presidencia e a secretaría xeral e por catorce conselleiras e conselleiros, en representación das organizacións sindicais e empresariais que teñan a condición de representativas en Galicia, que se agrupan da seguinte forma:

a) Sete persoas membros das organizacións sindicais que superen o dez por cento da totalidade das e dos representantes legais dos traballadores/as de Galicia, computadas o 31 de decembro do ano anterior a aquel no que se produza a renovación do mandato das persoas membros representativas do Pleno do Consello. A súa designación farana, en proporción á súa representatividade, os respectivos sindica-

tos e serán nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia laboral.

b) Sete persoas membros das organizacións empresariais de maior representatividade no ámbito da comunidade autónoma, considerando como tales, para os efectos desta lei, as que empregan como mínimo o dez por cento do persoal traballador no referido ámbito. Serán designadas por elas e nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia laboral.

As conselleiras e conselleiros do Consello, tanto titulares como suplentes, serán designadas polas súas organizacións conforme os criterios de equilibrio entre ambos sexos, tal como

recolle a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Todas as persoas integrantes do Consello, a excepción da titular da secretaría xeral, terán dereito a voto.

A duración do mandato das persoas con representación é de catro anos, sen prexuízo da súa reelección e da posibilidade de substitución das titulares ou suplentes durante dito período, por proposta da organización á que representen.

INTEGRANTES DO CONSELLO EN 2015

En 2015, a composición do Consello foi a seguinte:

Presidente:

Demetrio Fernández López, nomeado polo presidente da Xunta por Decreto 281/2002, do 3 de outubro, que tomou posesión do seu cargo o 7 de outubro de 2002.

Secretaría xeral:

Marisa Peña Cebreiro, que ocupou este posto en comisión de servizos desde o día 31 de outubro de 2002 ata o 9 de abril de 2003, data na que obtén o citado posto por libre designación (Orde da Consellería de Asuntos sociais, Emprego e Relacións Laborais do 28 de marzo de 2003, publicada no DOG nº 69, do 08.04.2003). Tomou posesión o día 10 de abril de 2003.

Conselleiras e conselleiros:

Pola Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia):

Titulares:

- Eladio Romero Ares
- José Carlos Rodríguez del Río
- M^a Cruz Vázquez González

Suplentes:

- Domingo Barros Montáns
- Ernesto Fontanes Blanco
- M^a Luisa Rodríguez Vázquez

Pola Confederación Intersindical Galega (CIG):

Titulares:

- Fernando Roberto Acuña Rúa
- Manuel Currás Meira

Suplentes:

- Francisco Xabier Cartelle Pérez
- Margarida Corral Sánchez

Polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (S.N. de CC.OO.):

Titulares:

- Maica Bouza Seoane
- Xesús Castro Baamonde

Suplentes:

- José Hurtado Amador
- José Plácido Cazón Lamas

Pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG):

Titulares:

- Antón Arias Díaz-Eimil
- José Manuel Fernández Cedrón
- Javier García Ruíz (ata o 16 de febreiro)
- Guadalupe Hervera Iglesias
- Julio Andrés López Garrido
- Luis Novoa Díaz (ata o 16 de febreiro)
- Carlos Oliete Fernández
- Ignacio Rodríguez Sáez (desde o 16 de febreiro)
- Javier Touza Touza (desde o 16 de febreiro)

Suplentes:

- Marina Graña Bermúdez
- María J. de Miguel Pérez
- José Antonio Neira Cortés
- Sonia Pardo Díaz
- Fausto Santamarina Fernández
- Rafael Serrano Hernández
- Alberto Viejo López

Estructura orgánica e funcionamento

De acordo coa normativa reguladora o Consello, para o exercicio das súas funcións, actúa a través dos seguintes órganos:

1) Órganos de goberno

- Órganos unipersoais
 - o A presidenta ou o presidente
 - o A secretaria ou o secretario
- Órganos colexiados
 - o O Pleno
 - o A Comisión Permanente

2) Outros órganos colexiados

- O Observatorio Galego da Negociación Colectiva
- O Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames
- A Comisión para a igualdade de mulleres e homes na negociación colectiva
- As comisións de traballo

ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

A presidenta ou o presidente

O nomeamento e o cesamento da presidenta ou do presidente faise por decreto da presidenta ou do presidente da Xunta de Galicia, por proposta da conselleira ou do conselleiro competente en materia de traballo, logo de ser aprobada a proposta pola metade máis unha das persoas membros de cada unha das representacións que integran o Pleno do Consello, reunido para o efecto.

A duración do seu mandato será de catro anos, prorrogable a outros catro co pronunciamento previo do Pleno ao respecto.

Son funcións da presidenta ou do presidente:

- a) Exercer a representación do Consello.
- b) Convocar as sesións do Pleno e da Comisión Permanente, fixar a orde do día e presidir e moderar o desenvolvemento dos debates.
- c) Formalizar cantos acordos fosen necesarios para o cumprimento dos fins do Consello.
- d) Supervisar a xestión do conxunto de áreas e servizos do Consello.
- e) Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello e velar para que se cumpran as súas finalidades.
- f) Presentarlle ao Pleno o anteproxecto de orzamento anual do Consello.
- g) Presentarlle ao Pleno o plan e a memoria de traballo anuais do Consello.
- h) Adoptar as medidas necesarias para aplicar os acordos aprobados polo Pleno, polas comisións de traballo e polo Observatorio Galego da Negociación Colectiva.
- i) Convocar, por iniciativa propia ou a instancias do Pleno ou da Comisión Permanente, a persoas técnicas ou expertas para que asistan ás xuntanzas dos órganos colexiados, cando se considere conveniente.
- l) Visar as actas e os certificados dos acordos acadados no Consello.
- m) Cantas outras funcións sexan propias da súa condición de titular da presidencia.

A secretaria ou o secretario

O nomeamento e o cesamento do secretario ou da secretaria xeral faise por orde da conselleira ou conselleiro competente en materia de traballo entre funcionarias e funcionarios pertencentes ao grupo A, por proposta de quen ostente a presidencia do Consello, logo de consulta coas organizacións empresariais e sindicais representadas neste. Como a figura da vicepresidencia queda suprimida, a secretaria xeral asume as funcións que lle eran inherentes.

Son funcións da secretaria ou do secretario:

- a) Ocupar a secretaría do Pleno, da Comisión Permanente e de calquera outro órgano colexiado que puidese constituírse, asistindo ás reunións con voz pero sen voto.
- b) Exercer a coordinación técnico-administrativa dos distintos servizos do Consello e velar pola súa eficacia e funcionamento.
- c) Redactar acta e darlles o curso correspondente aos acordos que adopte o Consello.
- d) Certificar os actos e acordos que realice e adopte o Consello.
- e) Despachar coa presidenta ou co presidente os asuntos ordinarios e aqueles outros que lle fosen encargados.
- f) Asumir a dirección do persoal ao servizo do Consello.
- g) Elaborar o plan e a memoria anuais do Consello para a súa presentación e conseguinte aprobación polo Pleno, dentro do primeiro trimestre do ano.
- h) Substituír á persoa titular da presidencia nos casos de vacante, enfermidade ou calquera outra causa xustificada, a xuízo do Pleno, así como substituíla naquelas comisións de traballo que o Pleno determine constituír.
- i) Expedir certificacións das actas, ditames e acordos aprobados polos órganos colexiados por petición de calquera persoa con interese lexítimo.
- l) Levar o arquivo e custodiar a documentación dos órganos colexiados do Consello.
- m) Presidir as reunións do Pleno do Consello de nomeamento ou cesamento da persoa titular da presidencia do organismo.

ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

O Pleno

O Pleno, integrado por todas as persoas que compoñen o Consello, constitúe o máximo órgano de decisión do organismo e ten as funcións especificadas no artigo 3 da lei reguladora e no artigo 10 do regulamento interno.

Ademais, entre as funcións atribuídas especificamente a este órgano está a de aprobar o orzamento do Consello para cada exercicio, acordar as indemnizacións por razón de servizo que lles corresponda as conselleiras e conselleiros, así como as retribucións aos profesionais que colaboren co Consello e aprobar o regulamento de funcionamento interno do Consello e as súas posibles modificacións.

Os acordos do Pleno do Consello serán adoptados pola maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto, e faranse constar en acta, se fose solicitado, os votos discrepantes, coa súa fundamentación.



Pleno- parte empresarial



Pleno-parte social

A Comisión Permanente

A Comisión Permanente é o órgano de goberno ordinario do Consello e estará composta polas persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral e por seis membros do Consello en representación das organizacións que o compoñen, dos que tres corresponden ás organizacións empresariais e tres aos sindicatos máis representativos.

Entre as súas funcións está a de confeccionar a orde do día das xuntanzas plenarias, elaborar es-

tudos sobre propostas de creación de comisións de traballo, elaborar o orzamento correspondente para cada exercicio, emitir informe para a extensión dos convenios colectivos nos termos establecidos no artigo 7 do RD 718/2005 e pechar a proposta de planificación de actividades do Consello.

Os acordos da comisión serán adoptados pola maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto, facéndose constar en acta, se así se solicitase, os votos discrepantes.



Comisión Permanente

OUTROS ÓRGANOS COLEXIADOS

Observatorio Galego da Negociación Colectiva

Para o cumprimento das funcións atribuídas ao Consello no punto c) do artigo 3º da súa lei reguladora, créase dentro do organigrama do Consello o Observatorio Galego da Negociación Colectiva, que se configura como un órgano de carácter colexiado.

Estará integrado por seis membros, tres en representación das organizacións sindicais e tres en representación das organizacións empresariais que integran o Pleno do Consello, ademais das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral e poderá contar coa presenza de persoas expertas sen dereito a voto, así como cun asesor/a por cada organización sindical e tres pola parte empresarial.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto.

Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames

O artigo 3 da súa lei reguladora establece como unha das funcións do Consello a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta en materia de política laboral.

Para o desenvolvemento desta función creouse en 1991 o Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames, cunha representación proporcional similar á do Consello e con normas propias de funcionamento, que foron modificadas en 2003. A nova normativa reguladora configura este comité como un órgano colexiado, que garante a eficacia e axilidade na emisión de ditames. O seu funcionamento seguirá as normas previstas no anexo do regulamento interno do organismo.

Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia define, no seu Título

III, a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva como un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega adscrito organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais.

Entre as súas competencias está a de asesorar sobre a redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade ou removan discriminacións, a análise dos convenios para detectar cláusulas discriminatorias, a organización de actividades de formación en igualdade de xénero dirixidas a empresas e a organizacións empresariais e sindicais, así como a elaboración de recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada entre homes e mulleres.

Esta comisión constará dunha presidencia, que será ocupada por quen ostente a do Consello, tres persoas en representación das organizacións sindicais máis representativas, tres persoas en representación das organizacións empresariais máis representativas e tres persoas de recoñecido prestixio en materia de igualdade por razón de xénero, que participarán con voz, pero sen voto.


As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto.

Comisións de traballo

Segundo a súa lei reguladora, o Consello poderá constituír as comisións de traballo que considere necesarias, así como determinar a súa composición.

Integrarán as comisións de traballo as persoas designadas polas organizacións empresariais e sindicais representadas no Consello, en proporción e paridade equivalente á do Pleno, e as súas competencias serán as que este determine antes da súa constitución.

Estas comisións de traballo examinarán os temas que o Pleno decida e remitiranlle a este a resolución das súas conclusións. A presidencia e a moderación dos traballos nelas desenvolvidos corresponderalle á persoa titular da presidencia do Consello, ou, de ser o caso, da secretaría xeral.



PLENOS,
PERMANENTES
E COMISIÓNS DE
TRABALLO 2015





Visita do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria ao Consello

Plenos



Pleno Ordinario

ORDINARIO: 29 DE XANEIRO (1/2015)

- Aprobación da acta 4/14.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Aprobación da planificación de actividades para o ano 2015.
- Aprobación da Memoria de actividades do Consello do ano 2014.
- Aprobación das recomendacións do Consello para a negociación colectiva no ano 2015.

Destácase nesta xuntanza a aprobación das recomendacións para a negociación colectiva, das que se dará conta máis adiante, no apartado dedicado ao Observatorio da negociación colectiva. Tamén se aproba o plan de actividades para 2015, distribuído en catro áreas fundamentais:

1) Función consultiva. Continuarase a desenvolver con normalidade, dentro do prazo establecido en función da tipoloxía de cada norma e procurando sempre acadar o maior grao de consenso posible. Para iso resulta imprescindible que os textos que se van ditaminar veñan acompañados das memorias e documentos complementarios precisos para facelo fundadamente.

Nos primeiros meses do ano editaranse en formato electrónico os ditames emitidos no ano 2014. Os exemplares remitiranse, entre outros, ás Direccións xerais e á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, lembrándolles a importancia da correcta remisión das normas, así como a conveniencia de xustificar a non aceptación das consideracións unánimes.

Así mesmo, analizaranse o grao de seguimento por parte da Xunta de Galicia das consideracións acordadas por unanimidade.

Neste ano 2015 o Consello tentará poñer en funcionamento a sinatura dos ditames mediante clave.

2) Apoio á negociación colectiva. O papel do Consello Galego de Relacións Laborais en apoio á negociación colectiva galega representa un dos sinais de identidade do organismo. Todo canto apoio se poida prestar aos procesos negociadores en curso, á posta en marcha dos que corresponda desenvolver no ano 2015, ao desbloqueo dos que se atranquen e á mellora en xeral dos contidos, estrutura e calidade dos convenios colectivos galegos é obxectivo prioritario. Neste senso:

1. Prestarase asistencia técnica e apoio a todas as mesas negociadoras que o demanden, tanto na sede do Consello, como en calquera punto do país, facilitando salas de xuntanzas, convocando a instancia de parte, levantando actas, revisando a legalidade dos textos e traducíndoos ao galego con carácter previo á súa sinatura e facendo os trámites de rexistro, depósito e publicación no Regcon.
2. Aprobarase e difundirase entre os negociadores de convenios unha recomendación de axilidade na constitución das mesas negociadoras.
3. Poñerase en marcha un sistema de alerta temperá (SAT) de convenios colectivos que, tendo que estar en proceso negociador, se

atopen bloqueados ou non teñan constituídas as mesas.

4. Seguiranse a explotar polo miúdo e con carácter oficial único en Galicia os datos e variables da negociación colectiva, da ultraactividade e das inaplicacións de convenios colectivos. A estes efectos, elaboraranse os boletíns trimestrais e o informe anual da negociación colectiva e explotaranse os datos da negociación colectiva coa maior frecuencia posible.
5. O consello seguirá con especial atención no 2015 o ritmo de rexistro de convenios colectivos e de inaplicacións nas catro provincias, aos efectos de detectar trabas ou problemas que se poidan producir.
6. No 2015, debe poñerse en marcha a comisión tripartita de convenios colectivos e fixarase o seu procedemento de funcionamento, a listaxe de árbitros, o custo económico, etc.
7. Traballarase con intensidade na conclusión de recomendacións e cláusulas tipo no observatorio da negociación colectiva.
8. Distribuiranse amplamente exemplares das 67 dúbidas mais frecuentes na negociación colectiva, e ampliaranse no formato electrónico o número de dúbidas e os seus contidos en clave de mellora da súa utilidade conforme as novidades que se vaian producindo.
9. O Consello publicará os convenios colectivos autonómicos que se asinen na súa sede, para a súa difusión entre os afectados.
10. Resolveranse as dúbidas sobre o ámbito de aplicación dos convenios colectivos.
11. Analizaranse os casos de convenios colectivos negociados e de aplicación en Galicia que se atopen en risco de decaemento para a aplicación de convenios de ámbito estatal, para procurar saídas e solucións que permitan continuar a negociación en Galicia. Esta análise desenvolverase no Observatorio da negociación colectiva.

3) Solución extraxudicial de conflitos. O AGA ocupa un lugar preponderante no capítulo de lo-

gros no marco galego de relacións laborais, correspondéndolle a súa xestión ao Consello Galego de Relacións Laborais. O avance na desxudicialización dos conflitos e a onda expansiva da intervención do AGA en máis supostos, en máis empresas e chegando a máis persoas traballadoras medra de xeito natural de ano en ano, correspondendo tamén ao Consello e ás organización que o integran un papel de ofrecemento proactivo do AGA en todo conflito do que se teña coñecemento.

No ano 2015 melloraranse as enquisas de satisfacción do AGA e poñerase en marcha unha análise das xornadas de folga evitadas pola intervención do AGA e a valoración económica desta intervención.

Renovarase a listaxe de persoas que desenvolvan tarefas de mediación e arbitraje.

Actualizarase o texto do AGA para conflitos individuais como consecuencia das reformas laborais e analizaranse os elementos de custo e necesidades que se derivarían da súa posible posta en marcha como elemento previo, para o caso de que se estime oportuno iniciar en 2015 as conversas coa Consellería de Traballo e Benestar de cara á súa implementación.

4) Fomento do debate social, a través das seguintes actividades:

Publicacións.

- Realización da XXV edición do Curso Superior de Relacións Laborais. Tras a súa clausura no mes de xullo, a Comisión Permanente do Consello analizará o seu formato.
- Xornadas: realización de xornadas nas capitais galegas sobre temas de interese laboral.
- Seminario formativo para cadros empresariais e sindicais sobre O coñecemento e potenciación das habilidades persoais na prevención e solución de conflitos laborais.

ORDINARIO: 28 DE MAIO (2/2015)

- Aprobación da acta 1/2015.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Aprobación da memoria de actividades e das contas do Consello do ano 2014.
- Grado de execución e aspectos pendentes da planificación de actividades para o ano 2015.
- Aprobación das indemnizacións ás organizacións.

ORDINARIO: 17 DE XULLO (3/2015)

- Aprobación da acta 2/2015.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Toma en consideración do informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2014.
- A proposta de orzamento do Consello para o ano 2016.

EXTRAORDINARIO: 30 DE NOVIEMBRE (4/2015)

- Punto único: presentación do Consello Galego de Relacións Laborais ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

ORDINARIO: 22 DE DICIEMBRE (5/2015)

- Aprobación, se procede, das actas 3/2015 e 4/2015.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.

- Resumo das actividades desenvolvidas ao longo de 2015:

O presidente presenta os elementos que condicionaron a actividade do Consello:

Parón preocupante na negociación colectiva en todos os sectores.

Eleccións sindicais e escaseza de medios nas organizacións.

Diminución da conflitividade colectiva en Galicia, que afectou ao número de expedientes do AGA.

Cambio na Consellería de Traballo e baixas no persoal do Consello.

Seguidamente da conta da actividade ao longo de 2015:

- **Actividade consultiva:** Emitíronse 52 ditames, elaborouse a recompilación de ditames e viouse unha carta á consellería para que remitan todos os proxectos xunto coa documentación necesaria.
- AGA: 67 expedientes tramitados e 1 en tramitación.
- **Negociación colectiva:** Tiveron lugar 55 xuntanzas de mesas negociadoras (bingos, do braxe...). En 2014 houbo 88 xuntanzas.
- Comisión Tripartita Galega para a inaplicación de convenios colectivos.
- Informes de negociación colectiva (ultravidade e inaplicacións).
- Cartas a mesas negociadoras para que negocien (sen resposta).
- Publicacións novas:
 - As 67 dúbidas máis frecuentes na negociación colectiva.
 - Convenios colectivos asinados no Consello.
 - As 34 preguntas máis frecuentes na negociación dun plan de igualdade.
- Aprobación de cláusulas tipo e recomendacións na negociación colectiva.

- Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva: 5 xuntanzas.
- 45 consultas sobre convenios colectivos aplicables.
- 48 consultas telefónicas sobre convenios colectivos aplicables.
- Seminario formativo para cadros empresariais e sindicais.0
- 7 xornadas de debate social.
- Curso Superior de Relacións Laborais: 819 persoas + 106 relatores.
- Publicacións varias + boletíns.
- Orzamento executado case na súa totalidade.
- 30 novembro: visita institucional do novo conselleiro.
- Número de xuntanzas dos órganos colexiados do Consello Galego de Relacións Laborais: 70 + 55 de mesas negociadoras e comisións paritarias.
- Encontro consellos de relacións laborais.
- 170.000 visitas á páxina web.
- Facebook e Twitter.

Incumprimentos:

- Non se renovou a listaxe de árbitros do AGA e hai que facelo.
- Non se rematou o traballo do AGA para conflitos individuais.
- Non se fixo o Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Non houbo xuntanza co Consello Xeral do Poder Xudicial debido ao insuficiente orzamento nese organismo.

Obxectivos para o 2016:

- Renovar a presidencia do organismo. O 31 de decembro de 2015 remata o mandato

do presidente. O conselleiro pediulle esperar ata o 31 de marzo.

- Manter a actividade habitual do Consello.
- Manter o apoio e asistencia á negociación colectiva.
- AGA para conflitos individuais.
- Acordo marco en materia de igualdade.
- Acordo marco en materia de negociación colectiva.

- Actualizar a listaxe de árbitros do AGA.
- Facer chegar a proposta á consellería para a axenda de emprego.

Posta en marcha da nova web do Consello:

O presidente presenta a nova web do Consello (www.cgrl.gal), indicando que estará en marcha antes de que remate o ano. Co-menta que é máis interactiva e presenta no-vos enlaces.

Permanentes



Comisión Permanente

ORDINARIA: 15 DE XANEIRO DE 2015

- Aprobación da acta 10/1014.
- Información xeral.
- Planificación de actividades de 2015.

ORDINARIA: 19 DE FEBREIRO DE 2015

- Punto previo: comparecencia de Carlos Do menech de Aspe, en calidade de representante do equipo autor do informe sociolaboral.

- Aprobación da acta 1/2015.
- Información xeral e concreción exhaustiva de puntos da planificación de actividades do Consello.

ORDINARIA: 27 DE MARZO DE 2015

- Aprobación da acta 2/2015.
- Información xeral.
- Aspectos pendentes da planificación de actividades e da realidade sociolaboral.
- Análise do boletín sociolaboral.

ORDINARIA: 7 DE MAIO DE 2015

- Aprobación da acta 3/2015.
- Información xeral.

ORDINARIA: 18 DE XUÑO DE 2015

- Aprobación da acta 4/2015.
- Información xeral.
- Desenvolvemento e concreción de actividades.
- Toma en consideración das contas anuais de 2014 e do orzamento para 2016.

EXTRAORDINARIA: 8 DE XULLO DE 2015

- Punto único: Debate sobre as conclusións do informe sociolaboral en 2014.

ORDINARIA: 15 DE XULLO DE 2015

- Aprobación das actas 5 e 6 de 2015
- Información xeral.
- Toma en consideración das conclusións do informe 2014.
- Toma en consideración da proposta de orzamento para 2016.

ORDINARIA: 1 DE OUTUBRO DE 2015

- Aprobación da acta 7/2015.
- Información xeral.
- Pendentes da planificación de actividades.

ORDINARIA: 5 DE NOVIEMBRE DE 2015

- Aprobación da acta 8/2015.
- Información xeral.
- Relación pormenorizada da actividade do Consello no último trimestre.

ORDINARIA: 9 DE DECEMBRO DE 2015

- Aprobación da acta 9/2015.
- Información xeral.
- Posicionamento respecto dalgunhas cuestións pendentes da última permanente.
- Preparación do Pleno.



Xuntanza constitutiva da Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos

COMISIÓN DE TRABAJO PARA A DESIGNACIÓN DE ÁRBITROS NA A COMISIÓN TRIPARTITA GALEGA PARA A INAPLICACIÓN DE CONVENIOS COLECTIVOS

Segundo a súa lei reguladora, o Consello poderá constituír as comisións de traballo que considere necesarias, así como determinar a súa composición.

Integrarán as comisións de traballo as persoas designadas polas organizacións empresariais e sindicais representadas no Consello, en proporción e paridade equivalente á do Pleno, e as súas competencias serán as que este determine antes da súa constitución.

De conformidade co exposto, o Pleno do Consello, na súa xuntanza do día 29 de setembro de 2014, ao abeiro do artigo 11 da Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de

Relacións Laborais, acordou a constitución dunha comisión de traballo para a designación de árbitros na a Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos.

Fan parte desta comisión de traballo as seguintes persoas: José Antonio Neira Cortés e Rafael Serrano Hernández, en representación da CEG; José Domingo Barros Montáns, en representación de UGT-Galicia; Jesús Castro Baamonde, en representación do S.N. de CC.OO. de Galicia; e Fernando Acuña Rúa, en representación da CIG, mailo presidente e a secretaria do Consello.

Os días 13 de outubro e 5 de decembro de 2014 reuniuse esta comisión para debater o asunto e, finalmente, **o 22 de xaneiro de 2015**, adoptouse o seguinte acordo:

“Reunida a Comisión de Traballo acorda por unanimidade designar como árbitros na Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos as seguintes persoas:

Álvarez Landesa, Carolina
 Cabeza Pereiro, Jaime
 Casas de Ron, José María
 De Andrés Álvarez, Horacio
 De Frutos Madrazo, Rocío
 Doménech de Aspe, Carlos
 Fernández Pardo, Eva
 García Rodríguez, Ana María
 González Trigás, Miguel Ángel
 Hinrich Álvarez, Álvaro
 Pérez Garrido, José Manuel
 Sánchez García, Benigno
 Vázquez Portomeñe, Xosé”

Publicado oficialmente o Decreto 101/2015, do 18 de xuño (DOG nº 137, de data 22/07/2015), polo que se crea a Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos e se regula o seu funcionamento, o Consello enviou á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social a acta 1/2015, do 22 de xaneiro, na que se recolle o antedito acordo, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 18 do referido decreto, que di o seguinte:


“Artigo 18. Nomeamento de árbitros.


1. *As persoas que vaian realizar labores de arbitraje terán que estar incluídas nunha listaxe específica adscrita á Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos. Terán que ser persoas de recoñecido prestixio, imparciais, independentes e expertas en materia de relacións laborais.*

2. *As organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas no ámbito de Galicia, por acordo unánime, comunicaranlle á dirección xeral con competencias en materia de relacións laborais os nomes das persoas que figuren na listaxe.*
3. *Se pasados 15 días desde a entrada en vigor deste decreto as organizacións sindicais e empresariais intersectoriais non se puxesen de acordo, a persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de relacións laborais, oídas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, proporáselles ás ditas organizacións unha listaxe con nomes de persoas destas características que poidan realizar labores de arbitraje, cos requisitos establecidos no número 1 e, se transcorridos outros 15 días, non acadasen un acordo unánime as organizacións sindicais e empresariais, será o/a titular da dirección xeral quen realizará os nomeamentos, e elixirá as persoas que actuarán como árbitro de entre as que figuren na listaxe proposta.*
4. *As persoas elixidas para realizar os labores de arbitraje serán nomeadas, mediante resolución, pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de relacións laborais.*
5. *O nomeamento destas persoas será para un período de tres anos”.*

O labor desta comisión de traballo finalizou co nomeamento dos árbitros, que se fixo por Resolución do 30 de setembro de 2015 da directora xeral de Traballo e Economía Social da Xunta de Galicia.

EMISIÓN DE DITAMES





Emisión de ditames

O artigo 1 da lei reguladora do Consello configura a este como órgano consultivo e asesor da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias relativas a súa política laboral.

Neste aspecto, unha das funcións máis salientables do Consello é a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta en materia de política laboral. Esta función lévaa a

cabo o Comité delegado do Pleno para a emisión de ditames, que a normativa configura como un órgano colexiado dotado de normas de funcionamento interno, que veñen recollidas no anexo do regulamento interno do organismo.

En 2015 emitíronse 52 ditames que se relacionan de xeito resumido a continuación. Todos eles recóllense integramente na páxina web do Consello.

DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
1/2015	Proxecto de orde da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado e profesorado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.	8 de xaneiro	26 de febreiro
2/2015	Proxecto de orde da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras dos premios á cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.	8 de xaneiro	5 de maio
3/2015	Proxecto de orde da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, cofinanciada co FSE, e se convocan para o ano 2015.	4 de febreiro	22 de abril

DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
4/2015	Proxecto de orde da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras do concurso de iniciativas cooperativas e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.	11 de febreiro	22 de abril
5/2015	Proxecto de orde da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, para a contratación temporal de persoas beneficiarias do Programa de Activación para o Emprego, e se procede á convocatoria para o ano 2015.	16 de febreiro	15 de abril
6/2015	Proxecto de orde da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2015.	23 de febreiro	7 de maio
- **Expediente AGA 55/15:** Mediación promovida na empresa ALN Telemarketing, SL, polo comité de empresa, derivada do retraso no pagamento de salarios. A mediadora designada foi Teresa Díaz López. O procedemento rematou con resultado positivo unha vez acadado acordo entre as partes.

- **Expediente AGA 56/15:** Mediación promovida no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, pola UGT, con motivo do bloqueo na negociación do convenio colectivo. O mediador designado foi Benigno Sánchez García. O procedemento rematou con resultado positivo unha vez acadado acordo entre as partes
- **Expediente AGA 57/15:** Mediación promovida pola CIG, no sector de limpeza de edificios e locais da provincia de Ourense, derivada do estancamento na negociación do convenio colectivo do sector. A mediadora designada foi Rocío de Frutos Madrazo. O procedemento rematou con resultado negativo por non terse chegado a un acordo entre as partes en conflito.
- **Expediente AGA 58/15:** Mediación solicitada polo comité de empresa de Alcoa Inespal Coruña, SL, derivada das discrepancias con determinadas decisións en materia de mobilidade funcional e modificacións substanciais das condicións de traballo. O procedemento rematou co rexeitamento da parte empresarial a participar.
- **Expediente AGA 59/15:** Mediación promovida na empresa Urbaser, SA (servizo de recollida de lixo no Concello de Santiago de Compostela), polo comité de empresa, motivado pola negativa da empresa a dar o curso CAP aos condutores en tempo de traballo ou compensar esas horas. O procedemento rematou con rexeitamento unha vez transcorrido o prazo sen resposta da parte empresarial.
- **Expediente AGA 60/15:** Mediación promovida pola CIG, no sector de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña, derivada das discrepancias na interpretación do artigo 12, apartado primeiro (duración das vacacións e retribución destas) do convenio colectivo de aplicación, á vista do artigo 7.1 da Directiva 2003/88/CE e da xurisprudencia comunitaria que o interpreta. O procedemento rematou co rexeitamento da parte empresarial a participar.
- **Expediente AGA 61/15:** Mediación promovida polos delegados de persoal da empresa CLH, SA, no seu centro de traballo na Coruña-Bens e derivada dun proceso de modificación substancial das condicións de traballo. O procedemento rematou con rexeitamento unha vez transcorrido o prazo sen resposta da parte empresarial.
- **Expediente AGA 62/15:** Mediación promovida pola empresa Compañía Radiotelevisión de Galicia (CRTVG) e derivada das discrepancias xurdidas na constitución do Comité de Seguridade e Saúde Laboral na citada empresa. O mediador designado foi Carlos Domenech de Aspe. O procedemento rematou con resultado positivo unha vez acadado acordo entre as partes.
- **Expediente AGA 63/15:** Mediación promovida polo comité de empresa de Treves Galicia, SLU, ante as discrepancias entre as partes en materia de xornada de traballo. A mediadora designada foi Verónica Martínez Barbero. O procedemento rematou con resultado positivo unha vez acadado acordo entre as partes.
- **Expediente AGA 64/15:** Mediación promovida de mutuo acordo na empresa Vidisco, SL (Pizzamóvil), ante a situación de bloqueo xurdida na negociación dun novo convenio colectivo de empresa. A mediadora designada foi Verónica Martínez Barbero. O procedemento rematou con resultado positivo unha vez acadado acordo entre as partes.
- **Expediente AGA 65/15:** Mediación promovida pola Federación de Servizos para a Mobilidade e o Consumo de UGT-Galicia na empresa Ambuibérica, SL, no seu centro de traballo de Vimianzo (A Coruña) ante o que aquela define como unha situación crecente de conflictividade derivada da falta de aplicación do disposto sobre diversas cuestións no convenio colectivo de referencia. En tramitación.
- **Expediente AGA 66/15:** Mediación promovida de mutuo acordo na empresa Supervisión y Control, SA, e que ten como motivo a situación de bloqueo na negociación do convenio colectivo de empresa. O mediador designado é Carlos Domenech de Aspe. En tramitación.
- **Expediente AGA 67/15:** Mediación promovida pola Confederación Nacional do Traballo (CNT) no Concello da Guarda relativo á situación dos traballadores que superaron as probas selectivas para a provisión de prazas

de persoal laboral para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES). O procedemento rematou co rexeitamento do concello a participar.

- **Expediente AGA 68/15:** Mediación promovida pola CIG na empresa Tórculo Comunicación Gráfica, SA, e relativo ao retraso no aboamento da paga extraordinaria correspondente ao mes de decembro de 2014. O procedemento rematou con resultado positivo unha vez acadado acordo entre as partes.
- **Expediente AGA 69/15:** Mediación promovida polo Comité de Empresa de Alcoa Inespal Coruña, SL, derivada da imposibilidade

de chegar a un acordo coa dirección da empresa para fixar os servizos mínimos nunha folga convocada en esta. O procedemento rematou co rexeitamento da parte empresarial a participar.

- **Expediente AGA 70/15:** Mediación promovida de mutuo acordo no sector de mármores e pedras da provincia de Pontevedra relativa á interpretación, aplicación e redacción do artigo 9.7 do convenio colectivo de sector. Os mediadores designados foron Verónica Martínez Barbero e Alberto Fresco González. O procedemento rematou con resultado positivo unha vez acadado acordo entre as partes.



O PAPEL DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Estrutura
da negociación
colectiva en Galicia

Participación do
Consello na
negociación colectiva

Órganos da
negociación colectiva

CONVENIO
COLECTIVO
DE EVENTOS,
SERVIZOS E
PRODUCCIÓN
CULTURAIS
(2013-2016)



V CONVENIO
COLECTIVO
PARA O SECTOR
DE POMPAS
FÚNEBRES
DE GALICIA



Estrutura da negociación colectiva en Galicia

Dando cumprimento ao mandato da lei reguladora, o Consello Galego de Relacións Laborais centrou unha gran parte da súa actividade na análise dos convenios colectivos vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A área de estudos de negociación colectiva do Consello realizou ao longo de todo o ano un seguimento puntual dos convenios asinados e revisados en 2015, así como dos que tiveron efectos económicos nese ano. Ademais de atender ás solicitudes de información e múltiples consultas que en materia de negociación colectiva se dirixen ao Consello, continuouse co tratamento en profundidade da base de datos de negociación colectiva e fixéronse os seguintes informes detallados sobre a materia:

Informe sobre a negociación colectiva en Galicia do 01.01.2015 / 31.12.2015. Este informe está aínda en proceso de elaboración e contén unha análise do acontecido na negociación colectiva en Galicia no ano 2015.

Informe sobre a negociación colectiva en Galicia do 01.01.2014 / 31.12.2014.

Ademais, ao longo do ano, elaboráronse informes puntuais para informar ao Pleno e á Comisión Permanente da situación da negociación colectiva galega.

No ámbito da **ultraactividade dos convenios colectivos**, o Consello fixo un completo seguimento dos convenios colectivos con vixencia rematada e facilitou datos e información en todas as variables vinculadas coa ultraactividade. Toda canta información saíu sobre esta materia partiu dos datos do Consello, ben tratados e ben enfocados de

momento en canto a pactos en contra e interpretación da norma. Remitíronse cartas a 15 comisións negociadoras de convenios colectivos que remataran a súa vixencia e ofrecéronselles os servizos de asistencia e apoio do Consello, aínda que con escaso éxito.

Explotáronse os datos das **inaplicacións** rexistradas de convenios colectivos por sectores, por convenio do que se desvinculan, por tamaño das empresas, por composición da mesa negociadora, etc, que se recolleron en dous informes entregados ao longo de 2015 ás organizacións que forman parte do Consello. No último, figura que hai 95 inaplicacións rexistradas a 1 de decembro de 2015 (71 das cales son do sector servizos), que afectan a 1.859 traballadores e traballadoras.

Continuouse coa publicación trimestral do **Boletín do Observatorio Galego da Negociación Colectiva**, no que se analiza a conxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva e do que se realizaron tres números neste ano 2015. Este boletín, ao igual que os informes sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, poden consultarse na páxina web do organismo: <http://cgri.xunta.es>

En 2015 editase por primeira vez o **Boletín de Información Sociolaboral**, que está dispoñible para a súa consulta na páxina web do Consello. Este boletín recolle os últimos datos de poboación, emprego, sinistralidade ou conflitividade laboral, entre outros datos significativos que inciden na situación sociolaboral, e pretende poñer a disposición dos participantes no mercado laboral unha ferramenta para o coñecemento máis axeitado do noso entorno.

En canto á **estrutura da negociación colectiva en Galicia**, a data 30 de novembro de 2015, existen 913 convenios colectivos que afectan a 412.320 persoas traballadoras. O total de convenios colectivos asinados foi de 79, dos que 71 son de empresa e 8 de sector e dos 16 convenios colectivos revisados, 9 foron de empresa e 7 de sector. O total de persoas traballadoras afectadas polos convenios asinados e revisados foi de 56.364. A media ponderada do incremento salarial

pactado nos convenios asinados e revisados foi do 1,07%, fronte ao 0,47 no mesmo período do 2014. A media ponderada da xornada pactada sitúase en 1.744,74 horas/ano. Un 10,81% dos convenios colectivos asinados e un 18,75% dos revisados teñen cláusula de revisión salarial. Finalmente, o número de convenios colectivos negociados por primeira vez en 2015 é de 18, que afectan a 557 persoas traballadoras.

Participación do Consello na negociación colectiva

MESAS NEGOCIADORAS E COMISIÓNS PARITARIAS

O artigo 3.2.c) da Lei 5/2008, do 12 de xullo, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, establece como funcións deste, entre outras, a de fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

O Consello, consciente da necesidade de impulsar a negociación colectiva en todos os ámbitos en que as partes interesadas o desexen e, moi especialmente, en sectores desregularizados, potenciou, asesorou e prestou asistencia técnica a

cantas comisións negociadoras e comisións paritarias o solicitaron.

A presenza do Consello en mesas de negociación foi alta. Houbo 55 xuntanzas negociadoras de convenios nas nosas instalacións, tamén coa asistencia de persoal do Consello. Non obstante, o parón na negociación colectiva, sobre todo sectorial, acadou en 2015 cifras sen precedentes.

No exercicio desta función de asistencia, o Consello apoiou tecnicamente o desenvolvemento da negociación colectiva nas mesas de negociación e comisións paritarias de diferentes convenios colectivos autonómicos que o solicitaron.

Prestouse apoio sinaladamente nas comisións negociadoras e comisións paritarias dos seguintes



convenios: 5 de pompas fúnebres; 8 de bingos; 4 de bombeiros de xestión privada; 3 de eventos e producións culturais; 12 de actores e actrices de teatro; 6 de ambulancias; 2 de transformación da madeira solo coa parte sindical; 2 de hostalería da Coruña; 2 de metal coa parte sindical; 2 de do-braxe coa parte empresarial; 1 coa parte sindical de telefónica de Pontevedra; 1 de limpeza de portos; 3 co persoal docente e investigador (PDI) das universidades galegas; 1 de Lantero e 4 de Clece, que totalizan 55 xuntanzas fronte a 88 que se realizaron en 2014.

Así mesmo, rexistráronse no Consello 45 consultas por escrito respecto de convenios colectivos aplicables, 5 para o Observatorio de negociación colectiva e 4.800 consultas telefónicas, en parte pola derivación da identificación do código do convenio en cada contrato.

REXISTRO TELEMÁTICO DE CONVENIOS COLECTIVOS (REGCON)

Pese aos criterios que se fixaran o pasado ano respecto do rexistro dos convenios colectivos, seguiu a manifestarse unha problemática de subxectividade e arbitrariedade á hora de rexistrar os convenios no programa Regcon.

Ao longo de 2015, fixéronse no Regcon 129 trámites de rexistro telemático de convenios, revisións, calendarios, etc., por delegación das comisións negociadoras, (22 convenios, 20 denuncias, 63 revisións automáticas, 3 calendarios laborais, entre outros), con moitísimos segundos e terceiros trámites, con resultado desigual e innumerables xestións moi custosas en tempo e esforzos para desbloquear convenios que estaban parados.

Órganos da negociación colectiva

OBSERVATORIO GALEGO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA



A intervención do Consello no día a día da negociación colectiva galega incrementouse aínda máis durante 2015. As organizacións sindicais e empresarial que integran o Observatorio Galego da Negociación Colectiva consideran que o instrumento esencial que teñen as empresas e os traballadores e traballadoras para autorregular as condicións de traballo é a negociación colectiva, polo que a tarefa da súa promoción e impulso, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva, centra o traballo deste órgano colexiado.

Os cambios introducidos polas últimas reformas laborais e a crise económica existente fan máis necesario que nunca o traballo do observatorio. Durante o ano 2015, este órgano colexiado reuniuse en oito ocasións. Nestas xuntanzas tratáronse os seguintes temas:

- Apróbase a proposta da presidencia, relativa á publicación por parte do Consello daqueles convenios que se asinen no seo do propio organismo, como son os casos do V convenio colectivo para o sector de pompas fúnebres de Galicia e o de eventos, servizos e producións culturais de Galicia.
- Infórmase do estado e situación das mesas de negociación que se están a desenvolver no Consello na actualidade, como é a de actores e actrices de teatro de Galicia ou de empresas organizadoras do xogo do bingo.
- Infórmase da sinatura do convenio colectivo de limpeza de edificios e locais de Pontevedra.
- Preséntase o Boletín de Negociación Colectiva con datos a 30 de xuño de 2015 e sinálase, como novidade, os datos en materia de igualdade, que se desagregan entre homes e mulleres. Coméntase tamén que desaparecen do boletín algúns dos datos que anteriormente se incluían, por pasar a formar parte do Boletín de Información Sociolaboral.
- Analízanse as posibilidades para a sinatura de novos convenios colectivos, ao constatare que non existe en Galicia un convenio de actividades forestais, nin en desbroce, nin en limpeza nin en plantación dos montes. Tampouco hai convenio de produción leiteira, nin no sector agropecuario nin no sector de veterinarios que exercen no rural.
- O presidente do Consello comenta o retraso na sinatura de convenios colectivos. No que vai de ano, só están asinados 6 convenios colectivos de sector: convenio autonómico de eventos, servizos e producións culturais; convenio provincial da Coruña de transporte de viaxeiros en autobús por estrada; convenio provincial de Ourense de materiais para a construción e saneamento; convenio provincial de Lugo de sanidade privada; II convenio autonómico para a actividade arqueolóxica e convenio autonómico de pompas fúnebres. Tamén indica que hai 2 convenios colectivos pendentes de publicación (rematantes e serradoiros de madeiras e limpeza de edificios e locais) e un laudo arbitral publicado relativo ao convenio de axencias marítimas, consignatarias, estibadoras de buques e actividades afíns.
- Dáse conta das xuntanzas das mesas negociadoras dos convenios colectivos de aparcadoiros e garaxes e de bingos. O presidente do Consello bota en falta un convenio autonómico de oficinas e despachos, máxime cando proximamente vaise negociar en Madrid un convenio colectivo a nivel estatal.
- Continúase co envío de escritos de convenios colectivos vencidos e non negociados e co ofrecemento ás mesas negociadoras dos servizos do Consello e do AGA.
- Analízase a documentación entregada para un posible convenio colectivo do sector de centros e servizos veterinarios. O presidente propón dirixir un escrito aos colexios de veterinarios e explicarlles o interese do Consello en que se negocie un convenio colectivo e solicitar información sobre a existencia de asociacións lexitimadas para negociar un convenio.
- Estúdase tamén a documentación entregada para un posible convenio no sector forestal ou do campo. Polo CNAE hai 2.768 persoas traballadoras afiliadas por conta allea e 649 contas de cotización.
- Publicouse e distribuíuse o libro *As 67 dúbidas mais frecuentes da negociación colectiva*, do que se fixeron 2 edicións ao esgotarse a primeira; tamén se publicaron e distribuíron entre a parte sindical e empresarial o convenio colectivo de eventos culturais e de pompas fúnebres con boa aceptación.

- Entregáronse e difundíronse 4 boletíns de negociación colectiva e 13 entregas periódicas de datos sobre a situación da negociación colectiva, ultraactividade e inaplicacións de convenios.
- O presidente informa sobre un protocolo de actuación asinado na Comunidade Foral de Navarra, polo que se establece un marco de colaboración estable entre os xulgados e tribunais da orde social en Navarra e o tribunal de solución de conflitos laborais de Navarra. Comenta que podería interesar que se asine en Galicia un protocolo similar entre os xulgados e tribunais da orde social radicados na nosa comunidade autónoma e o Consello Galego de Relacións Laborais como xestor do AGA.
- Dáse conta do escrito remitido á directora xeral de Traballo e Economía Social, no que se solicita información acerca do retraso na ratificación por parte do Goberno de España do Convenio 189 da OIT sobre o traballo doméstico.
- Infórmase que, tras as oportunas negociacións, rexistráronse no Consello os convenios do metal de Pontevedra e o de Citroën. Así mesmo, comenta o presidente que se recibiu no Consello unha solicitude dos asinantes do convenio do metal de Pontevedra, na que solicitan a colaboración do Consello para adaptar as clasificacións profesionais ás novas realidades.
- Elaboráronse e aprobáronse os criterios para a elaboración dun código de conduta laboral e a recomendación para a negociación colectiva 2015, que se reproducen textualmente a continuación. Poden consultarse así mesmo na páxina web do Consello.

Criterios para a elaboración dun código de conduta laboral

Un dos elementos que tradicionalmente conforman o contido dos Convenios Colectivos é a regulamentación das faltas das persoas traballadoras e o catálogo de sancións para estas faltas. Con esta regulamentación o Convenio Colectivo complementa os mínimos que se establecen no Estatuto dos Traballadores, que tan só se ocupan das faltas máis graves.

Nos últimos anos moitos Convenios Colectivos tenden a substituír o réxime disciplinario estrito por códigos de conduta laboral, máis amplos e que pretenden pautar comportamentos dos integrantes dunha empresa. Unha axeitada regulación dun código de conduta é un elemento de primeira orde para dotar de garantías as empresas e persoas traballadoras no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento das súas obrigas. No mesmo senso, un código de conduta debidamente negociado e correctamente redactado contribúe a evitar conflitos e aporta seguridade xurídica no desenvolvemento da relación laboral, sendo positivo para empresas e persoas traballadoras.

De acordo con isto, o Observatorio de Negociación Colectiva do Consello Galego de Relacións Laborais formula a seguinte recomendación de cara á negociación e elaboración de códigos de conduta laboral a integrar nos Convenios Colectivos.

- *A elaboración dun código de conduta debe ser froito dunha negociación entre empresa e representación legal das persoas traballadoras, orientada a mellorar o clima laboral nas empresas e non como algo estático senón como unha guía que debe evolucionar para adaptarse o mellor posible á realidade de cada empresa.*
- *O código de conduta deberá recoller dereitos e obrigas de persoas traballadoras e empresas no desenvolvemento da relación laboral. No mesmo, se procurará promover políticas de xestión e desenvolvemento dos recursos humanos de carácter preventivo de conflitos e incumprimentos laborais, así como procedementos de axuda en situacións que requiran medidas de recuperación ou rehabilitación do clima social.*
- *A descrición de faltas que poidan ser sancionadas pola empresa deberá ser o máis clara e precisa que sexa posible, evitando expresións xenéricas ou indeterminadas que induzan a confusión. Pode resultar aconsellable*

distribuír as faltas por materias, como por exemplo: laboral, seguridade e saúde, relación con terceiros, etc.

- O catálogo de faltas e sancións deberá observar os principios de legalidade, proporcionalidade, igualdade de trato e non discriminación, así como a posibilidade de escoitar á persoa afectada.

- No código de conduta, debe indicarse que a posibilidade de sancionar as faltas prescribe aos dez días no caso das faltas leves, aos vinte días no caso das faltas graves e aos sesenta días no caso das faltas moi graves desde que se tivo coñecemento pola empresa, e en todo caso aos seis meses de terse cometidas. En todo caso, debería indicar que a sanción das faltas graves e moi graves, e as leves se así o establece o código, deben de comunicarse por escrito á persoa traballadora, facendo constar os feitos que motivan a sanción e a data, e que no caso da representación legal das persoas traballadoras, a sanción por faltas graves ou moi graves para calquera dos mesmos deberá vir precedida da apertura dun expediente contradictorio.

- A regulación no código de conduta do procedemento para impoñer unha sanción no caso de incumprimentos deberá de ser concreta e poderá explicitar, cando o tamaño da empresa o permita, mecanismos de recurso a nivel interno, con prazos que non comprometan a axilidade na aplicación das medidas que procedan.

- Sería aconsellable que o código de conduta recollera medidas en materia de igualdade así como protocolos ou criterios de actuación en casos de acoso. Estes protocolos deberían de partir dunha declaración de principios de nula permisividade con situacións de acoso no traballo, e en consulta coa representación legal das persoas traballadoras, contemplar o interese común, a axilidade na investigación das denuncias, o segredo da informa-

ción de cada caso concreto respecto de persoas alleas e ter un alto grado de detalle que aporte seguridade e obxectividade.

- Unha vez acordado un código de conduta resulta especialmente necesario unha axeitada difusión dentro da empresa, e mesmo facer chegar unha copia a cada persoa traballadora para o seu axeitado coñecemento.

- Consello Galego de Relacións Laborais conta con persoal técnico para a revisión da adecuación á legalidade do contido dos códigos de conduta.

Recomendación do Consello Galego de Relacións Laborais para a negociación colectiva de 2015

Conscientes da importancia da negociación colectiva como elemento esencial das relacións laborais, fonte de dereitos e obrigas, instrumento de paz social, estabilidade no emprego, produtividade e cohesión social, e evidenciándose a necesidade dunha reactivación do ritmo de negociación de convenios colectivos que no ano 2014 experimentou no noso país un proceso de ralentización, o Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, reunido en sesión ordinaria o día 29 de xaneiro de 2015 acordou por unanimidade das organizacións nel representadas (CEG, UGT-Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG), formular a seguinte recomendación:

1.- Atendendo ás características e autonomía propias de cada proceso negociador, procura-se a maior axilidade na constitución e desenvolvemento das mesas de negociación correspondentes ao ano en curso, con prazos concretos para as súas xuntanzas e sen dilacións excesivas por ningunha das partes sen causa que as xustifique.

2.- Diante de situacións de bloqueo ou paralización dos procesos de negociación, ou mesmo diante da falla de iniciativa para constituír as mesas negociadoras, o persoal técnico, instalacións e medios do CGRL e os mecanismos de mediación e arbitraxe previstos no Acordo Galego de solución extraxudicial de Conflitos (AGA) están a disposición das mesas negocia-

doras, como instrumentos axeitados na procura de solucións rápidas e eficaces para as dúas partes. Os formularios de solicitude dunha mediación ou dunha arbitrase atópanse na páxina web do Consello http://cgrl.xunta.es/g_aga.asp

3.- Os convenios colectivos deberían recoller cláusulas alusivas ao AGA. Sinaladamente, e conforme ao artigo 85.3 do Estatuto dos Traballadores (contido mínimo), os instrumentos de mediación e arbitrase do AGA son axeitados para resolver as discrepancias na inaplicación das condicións de traballo a que se refire o artigo 82.3 da mesma norma.

4.- O Consello Galego de Relacións Laborais prestará canto apoio técnico-xurídico se solicite para a axeitada redacción e legalidade dos acordos acadados. Así mesmo, no caso de convenios de ámbito superior á empresa, facilitará os trámites telemáticos de rexistro e publicación, previa delegación expresa na acta de sinatura.

5.- En materia de igualdade e non discriminación funciona no Consello a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, con competencia para o asesoramento, cando así se solicite, sobre a redacción e a aplicación de cláusulas que promovan a igualdade entre mulleres e homes ou removan discriminacións directas ou indirectas por razón de xénero.

6.- O Consello seguirá a elaborar os boletíns de negociación colectiva e o informe anual da negociación colectiva, do mesmo xeito que seguirá ofrecendo na súa páxina web o texto de todos os convenios colectivos vixentes en Galicia. A estes efectos, faise fincapé na necesidade de cumprimentar as follas estatísticas coa maior exactitude posible achegando estas á realidade do contido no texto e nos seus ámbitos de actuación.

7.- O Observatorio da Negociación Colectiva do CGRL, coa implementación dun sistema de alerta temperá (SAT) acordado polo pleno do organismo, fará un seguimento concreto no ano 2015 dos convenios colectivos sectoriais que corresponda negociar neste ano.

COMISIÓN CONSULTIVA AUTONÓMICA PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no seu título III, promove a igualdade no eido da negociación colectiva e das relacións de traballo colectivas, para o que crea a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva. Trátase dun órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade, adscrito ao Consello Galego de Relacións Laborais.

Ao longo do ano 2015 a comisión reuniuse en cinco ocasións, baixo a presidencia da secretaria xeral do Consello, Marisa Peña Cebreiro. Asistiu ás xuntanzas, como secretaria, a funcionaria do Consello Tina Campo Fernández e a xefa da Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo e Benestar, María Elisa Fernández Pampillón, para tratar os temas relacionados coa unidade.

Nestas xuntanzas tratáronse os seguintes temas:

- A presidenta presenta o programa do curso on line Deseño e aplicación de plans e medidas de igualdade nas empresas, autorizado polo Instituto da Muller, de 30 horas lectivas, dirixido a persoas vinculadas ao ámbito empresarial e a xestión da negociación colectiva. A xefa da Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo e Benestar, M^a Elisa Fernández Pampillón, está tramitando coa EGAP o necesario para poñelo en marcha.
- Analízase a dificultade de cumprir todos os parámetros esixidos pola lexislación vixente en materia de igualdade para obter a Marca de Excelencia Empresarial Galega en Igualdade, motivo polo que desde a Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería recoméndase ás empresas que piden información que empecen polo desenvolvemento dun plan de igualdade para posteriormente e unha vez acadados os parámetros para a excelencia, facer a solicitude da marca.
- Preséntase un estudo comparativo dos informes en materia de xénero, remitidos pola

Unidade Administrativa de Igualdade, sobre os convenios colectivos rexistrados en 2014 e faise un breve resumo dos datos. No estudo recóllense, separados por provincias, un total de 137 convenios colectivos, nos que se analizan as cláusulas contidas neles en materia de igualdade de xénero, así como o total de homes e mulleres afectados por cada convenio e se existe ou non na empresa un plan de igualdade. As organizacións agradecen e valoran moi positivamente o traballo realizado por María Precado Castro, funcionaria do Consello, na elaboración deste estudo.

- Apróbase a remisión dunha carta ás comisións negociadoras dos convenios colectivos asinados no 2014 para darlles a coñecer o informe elaborado pola Unidade Administrativa de Igualdade para que o poidan ter en conta en futuras negociacións. No mes de setembro remítese a referida carta a a 113 empresas (34 na Coruña, 13 en Lugo, 3 en Ourense e 63 en Pontevedra e a 17 sectores (6, 4, 3 e 4, respectivamente), na que se comunican as deficiencias e súxírese que se corrixan no seguinte convenio que se negocie.
- Apróbase a realización dunha xornada en materia de igualdade en Santiago de Compostela o 14 de outubro no salón de actos do Museo Pedagóxico de Galicia, na que se debaterá sobre o balance das leis de igualdade, tras oito anos da súa vixencia e sobre a diagnose dos Plans de Igualdade. Haberá tamén unha mesa de debate, a cargo das persoas que representan na comisión ás organizacións sindicais e empresarial sobre a situación actual e perspectivas de futuro da igualdade nas relacións laborais.
- Apróbase, por unanimidade, a cláusula sobre violencia de xénero que se transcribe a textualmente a continuación, así como dar conta ao Pleno do Consello e publicala na páxina web do organismo.

Cláusula tipo sobre violencia de Xénero

A violencia de xénero, como expresa a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, no apartado 3 do seu artigo 1, comprende todo acto de violencia física e

psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación de liberdade.

Conscientes da importancia da negociación colectiva como elemento esencial das relacións laborais, fonte de dereitos e obrigas, instrumento de paz social, estabilidade no emprego, produtividade e cohesión social, é evidente que esta é unha vía adecuada para facilitar o exercicio efectivo dos dereitos recoñecidos no ámbito laboral ás vítimas da violencia de xénero.

Así, en relación co disposto no apartado 1 do artigo 36 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, órgano colexiado do Consello Galego de Relacións Laborais previsto na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do Traballo en igualdade das mulleres de Galicia, con funcións de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega, na súa xuntanza de data 25 de setembro de 2015, acordou a redacción da seguinte cláusula tipo nesta materia, que se recomenda incluír no texto dos convenios colectivos a negociar, sen prexuízo da autonomía negocial e independencia propias das persoas negociadoras nos distintos ámbitos:

A persoa traballadora vítima de violencia de xénero que se vexa obrigada a abandonar o posto de traballo na localidade onde viña prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ao seu dereito á atención social integral, terá dereito a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional, que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo. En tales supostos, a empresa estará obrigada a comunicar á persoa traballadora as vacantes existentes nese momento ou as que se poidan producir no futuro. O traslado ou o cambio de centro de traballo terá unha duración ini-

cial de seis meses, durante os cales a empresa terá a obriga de reservar o posto de traballo que anteriormente ocupaba a persoa traballadora. Terminado este período, a persoa traballadora poderá optar entre o regreso ao seu posto de traballo anterior ou a continuidade no novo. Neste último caso, decaerá a mencionada obriga de reserva.

A persoa traballadora vítima de violencia de xénero terá dereito, para facer efectiva a súa protección ao seu dereito á atención social integral, á redución da xornada de traballo con diminución proporcional do salario ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou de outras formas de ordenación do tempo de traballo que se utilicen na empresa.

O contrato de traballo poderá suspenderse por decisión da persoa traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero. O período de suspensión terá unha duración inicial que non poderá exceder de seis meses, salvo que das actuacións de tutela xudicial resultase que a efectividade do dereito de protección da vítima requirise a continuidade da suspensión. Neste caso, o órgano xudicial poderá prorrogar a suspensión por períodos de tres meses, cun máximo de dezaioito meses.

Non se computarán como faltas de asistencia, aos efectos do previsto no artigo 52 d) do Estatuto dos Traballadores, as ausencias motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada da violencia de xénero.

As accións de formación poderán incluír accións positivas respecto ao acceso á formación das persoas traballadoras vítimas de violencia de xénero.

A traballadora que sofre violencia de xénero poderá exercer os dereitos de carácter laboral previstos se acredita tal situación ante a empresa mediante cal-

quera das formas sinaladas no artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia de xénero, certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios, ou dos servizos de acollida da Administración pública ou autonómica ou local, informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, informe da inspección de traballo e da seguridade social, ou calquera outra que se estableza regulamentariamente. Ademais, a condición de vítima de violencia de xénero deberá ser coñecida de forma fehaciente pola dirección da empresa.

Finalmente, tras un longo traballo durante o ano 2015, a comisión, dado o seu carácter de órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega, acorda no mes de novembro editar unha pequena guía coas dúbidas que se formulan con máis frecuencia por parte de quen elabora ou pretende elaborar e negociar un plan de igualdade.

A publicación leva por título *As 34 preguntas máis frecuentes na negociación dun plan de igualdade*. Foi elaborada polos e polas representantes das organizacións sindicais e empresarial que integran a comisión, Mónica Rodríguez Ponte (UGT-Galicia), Mabel Pérez Simal (S.N.de CC.OO. de Galicia), Margarida Corral Sánchez (CIG), Rafael Serrano Hernández (CEG) e José Antonio Neira Cortés (CEG) e coordinada polas funcionarias do Consello, María Precedo Castro, Tina Campo Fernández e Marisa Peña Cebreiro.

Esta publicación quere ser un elemento de utilidade para aquelas cuestións máis básicas que se formulan polas persoas negociadoras dun plan de igualdade.

Desde o Consello desexamos que esta publicación sexa de utilidade e contribúa a dar un paso máis na consecución da igualdade entre mulleres e homes no ámbito das relacións laborais e, en definitiva, na mellora da negociación colectiva galega.

COMISIÓN TRIPARTITA GALEGA PARA A INAPLICACIÓN DE CONVENIOS COLECTIVOS

A Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos créase por Decreto 101/2015, do 18 de xuño, no que tamén se regula a súa composición, funcións e funcionamento, en desenvolvemento do establecido no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores. O dito decreto foi publicado no DOG en data 22 de xullo de 2015.

Por Resolución do 30 de setembro de 2015 da directora xeral de Traballo e Economía Social da Xunta de Galicia, procedeuse ao nomeamento, por un período de tres anos, das persoas designadas como árbitros, para realizar as labores de arbitraje na Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos.

Está adscrita á consellería competente en materia de traballo, a través da dirección xeral con competencias en materia de convenios colectivos, quen achegará o apoio administrativo e material necesario, exerce as súas competencias con independencia e autonomía funcional propias e ten a súa sede no Consello Galego de Relacións Laborais.

O 22 de outubro de 2015 tivo lugar na sede do Consello a primeira xuntanza da comisión tripartita, na que se procedeu á súa constitución.

A comisión tripartita está integrada por representantes da Administración pública autonómica e das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia.

A comisión tripartita desenvolverá, sen prexuízo das atribucións que corresponden á autoridade laboral e á xurisdición competente nos termos establecidos nas leis, así como das previsións recollidas nos sistemas de solución autónoma de conflitos fixados pola negociación colectiva, as seguintes funcións decisorias:

a) Adoptar o acordo e resolver, no seu propio seo, o conflito suscitado, cando, seguindo o procedemento previsto no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores, concorran na empresa causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, non se chegue a un acordo entre a empresa e as persoas representantes dos traballadores e traballadoras para deixar de aplicar as condicións de traballo pactadas en convenios colectivos de sector ou de empresa e sempre que só afecten centros de traballo situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Adoptar o acordo de designar unha persoa que arbitrará sobre como se vai resolver a discrepancia xurdida entre a empresa e a representación das persoas traballadoras, en canto á non aplicación das condicións de traballo pactadas nos convenios colectivos referidos anteriormente, se a resolución de desacordo se leva a cabo polo procedemento de designación arbitral regulado neste decreto.

No documento que figura anexo no apartado de convenios colectivos na páxina web do Consello pódese consultar a información máis relevante acerca do procedemento de inaplicación de condicións de traballo establecidas en convenios colectivos en aqueles casos nos que existan discrepancias entre as partes que deban ser resoltas pola Comisión Tripartita Galega de Inaplicación de Convenios Colectivos.



*Xuntanza constitutiva da Comisión Tripartita Galega
para a Inaplicación de convenios colectivos*

**CURSOS
XORNADAS E
SEMINARIOS**

XXV Curso Superior de
Relacións Laborais

Xornadas sobre cuestións
laborais problemáticas e de
interese no 2015

Outras xornadas

Seminario para cadros
das organizacións
empresariais e sindicais



Clausura do Curso Superior de Relacións Laborais

XXV Curso Superior de Relacións Laborais

O 27 de xaneiro de 2015 asinouse o convenio de colaboración entre a USC e o Consello Galego de Relacións Laborais para realizar a vixésimo quinta edición do curso.

Ao acto de inauguración, celebrado na sala de xuntas da Facultade de Dereito da USC o 10 de xaneiro, asistiron o presidente do Consello, Demetrio Fernández López; o vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa da USC, Roberto López López e o director do curso, Javier Gárate Castro. Os catedráticos de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Luis Enrique de la Villa Gil e Ignacio García-Perrote Escartín, impartiron as leccións inaugurais do curso.

O curso tivo unha duración de 206 horas e estruturouse nos seguintes módulos: política e xestión integrada dos recursos humanos; relación individual de traballo; relacións colectivas de traballo, que incluíu un taller práctico sobre negociación colectiva; dereito administrativo do traballo; saúde laboral e dereito penal do traballo; seguridade social; e dereito social da Unión Europea.

Outras actividades lectivas incluíron conferencias de persoas expertas e visitas as instalacións de empresas significativas da comunidade autónoma.

A participación institucional do Consello consistiu nunha mesa redonda na que participaron representantes das organizacións que integran o organismo.

Esta edición realizouse, como ven sendo habitual, na Facultade de Dereito da USC e a ela asistiron 28 persoas. O director foi o catedrático de Dereito

do Traballo da USC, Javier Gárate Castro e o coordinador José M^a Miranda Boto, tamén profesor na Facultade de Dereito.

O peche do curso tivo lugar o 30 de xuño no salón de graos da Facultade de Dereito. M^a Emilia Casas Baamonde, catedrática de Dereito do Traballo da Universidade Complutense, impartiu a lección de clausura, titulada “A xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre despedimentos colectivos”. No acto interviñeron ademais o presidente do Consello Demetrio Fernández López e a secretaria xeral da USC Consuelo Ferreiro Regueiro, en representación das institucións organizadoras; Fernando Acuña Rúa, en representación da CIG; Xesús Castro Baamonde, en representación do S.N. de CC.OO.; José Carlos Rodríguez del Río, en representación da UGT-Galicia; e José Neira Cortés, en representación da CEG.



Clausura Curso Superior de Relacións Laborais

Xornadas sobre cuestións laborais problemáticas e de interese no 2015

Estas catro xornadas, organizadas en colaboración co Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, a Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo, a Facultade de Dereito de Ourense e o Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, tiveron lugar no primeiro trimestre de 2015. Houbo en total case 350 asistentes.

O eixo temático foi o estudo e análise de diversas cuestións laborais que, pola súa novidade, os seus efectos e o seu impacto nas relacións laborais ga-

legas, e na sociedade en xeral, están a provocar un profundo debate social. Os cambios na ultraactividade dos convenios colectivos, a regulación da inaplicabilidade na empresa, o papel da intervención da Inspección de Traballo, os períodos de consultas do ERE, foron algúns dos temas debatidos e analizados polo miúdo, contribuíndo a profundar nas luces e nas sombras aínda existentes no ámbito da negociación colectiva galega e o mercado laboral.

Actividade:

Cuestións laborais problemáticas e de interese no 2015

Lugar e data:

A Coruña, 26 de febreiro

Nº de participantes: 91



Actividade

Cuestións laborais problemáticas e de interese no 2015

Lugar e data:

Lugo, 5 de marzo

Nº de participantes: 116



*Actividade***Cuestións laborais problemáticas e de interese no 2015***Lugar e data:*

Ourense, 12 de marzo

Nº de participantes: 69*Actividade***Cuestións laborais problemáticas e de interese no 2015***Lugar e data:*

Pontevedra, 26 de marzo

Nº de participantes: 55

Outras xornadas

*Actividade***A incorporación da perspectiva de xénero nas relacións laborais. Situación actual e de futuro***Lugar e data:*

Santiago de Compostela, 14 de outubro

Nº de participantes: 48

O Consello, á proposta da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, acordou a realización desta xornada co obxectivo de analizar, por un lado, os avances da igualdade no mundo laboral tras a publicación da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral e, por outro, os avances na implantación dos plans de igualdade nas empresas de Galicia.



*Actividade***A protección das persoas traballadoras e as novas formas de traballo***Lugar e data:*

Ferrol, 19 de novembro

Nº de participantes: 92

O artigo 4 do Estatuto dos Traballadores, no seu apartado 1.g) establece o dereito das persoas traballadoras á información, consulta e participación na empresa. Como queda garantido este dereito neste novo mundo das relacións laborais?

Por outro lado, a Lei 3/2012 modifica o artigo 13 do Estatuto dos Traballadores e dá unha nova regulación ao tradicional traballo a domicilio que pasa a denominarse traballo a distancia. Ten cabida nesta nova regulación o teletraballo?

Os cambios normativos introducidos formulan novos problemas a quen protagoniza as relacións laborais, empresas e persoas traballadoras, que se analizaron nesta xornada, organizada conxuntamente coa Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña.

*Actividade***O mercado de traballo nunha época época de transición***Lugar e data:*

Vigo, 26 de novembro

Nº de participantes: 83

Esta xornada organizouse en colaboración co departamento de Dereito do Traballo da Universidade de Vigo, punteiro a nivel estatal en investigación, e co Consorcio da zona franca de Vigo, sempre activo na procura da prestación de servizos de todo tipo ás empresas que o integran; colaboración que se desenvolve dun xeito frutífero desde hai anos e que reporta inputs moi interesantes para o Consello, pero tamén para as dúas institucións coordinadoras.

Sen dúbida ningunha, o mercado de traballo está en período de cambio, tras perder nos últimos anos moitas das súas características ou notas definitorias, e ese cambio, nas súas diferentes variables, é o que se pretende analizar xustamente nesta xornada.




Seminario para cadros das organizacións empresariais e sindicais

O Pleno do Consello considera necesario contribuír á formación técnica e á especialización dos cadros das organizacións sindicais e empresariais, tanto no que se refire á negociación colectiva como en referencia a outros temas que as propias organizacións consideren de interese nun momento concreto.

En 2015 realizouse un seminario sobre O coñecemento e potenciación das habilidades persoais na prevención e solución de conflitos laborais. O obxectivo xeral do curso é potenciar, a partir do autoconhecimento, aquelas habilidades persoais que axuden a previr e/ou reconducir o/os conflito/s que xurdan no ámbito laboral propio.

O seminario tivo lugar en Santiago de Compostela os días 2 e 3 de xuño e nel participaron 18 persoas, designadas polas organizacións sindicais e pola CEG.





PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E ESTUDOS

Informe anual sobre a situación
sociolaboral de Galicia

Boletín de negociación colectiva

Boletín de
información sociolaboral

As 67 dúbidas máis frecuentes
na negociación colectiva

As 34 preguntas máis
frecuentes na elaboración dun
plan de igualdade



Xuntanza co equipo autor do Informe Sociolaboral

Informe anual sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2014

Cumprindo o mandato previsto na súa lei reguladora o Consello dá conta anualmente da situación sociolaboral da nosa comunidade a través dun exhaustivo informe, que se ven publicando desde o ano 1992.

O Pleno do Consello aprobou a elaboración do informe 2014 na súa primeira xuntanza do ano e contou para iso co mesmo equipo de anos anteriores: Francisco Carballal Lugrís, letrado da Xunta de Galicia; Carlos Domenech de Aspe, inspector de Traballo e Seguridade Social; Marta Puebla Vilariño, funcionaria do Sepe (Servizo Público de Emprego Estatal); Manuel Roca Cendán, catedrático de Tecnoloxía Administrativa; e Francisco Veloso Cermeño, interventor da Seguridade Social. Carmen Cabanas Carlin, funcionaria do Consello, elaborou o capítulo sobre a negociación colectiva. A súa publicación aprobouse na sesión plenaria do 17 de xullo.

O informe estrutúrase en catorce capítulos e un anexo, distribuídos da seguinte maneira:

1. A economía galega no ano 2014
2. Estrutura empresarial e política industrial
3. Economía social
4. Poboación e mercado de traballo
5. A muller no mundo laboral
6. Inicio da relación laboral
7. Contratación
8. O subsistema de formación profesional para o emprego

9. A negociación colectiva
10. A sinistralidade laboral
11. Conflitividade e medios de solución dos conflitos de traballo
12. A regulación de emprego e o Fondo de Garantía Salarial
13. Protección social
14. Elección sindicais

O anexo céntrase, de xeito puramente estatístico, en emprego e investimento público.

O Informe finaliza coas conclusións do equipo autor, que reproducimos a continuación, xa que resumen o máis salientable da situación sociolaboral galega en 2014:

Primeira. Segundo o INE, o PIB de Galicia, logo de tres anos de contracción, subiu en 2014 un 0,5%, unha suba por baixo da media estatal, que foi do 1,4%, e da Unión Económica e Monetaria (0,9%).

Por ramas de actividade produtiva, o mellor comportamento en 2014 produciuse en Galicia no sector dos servizos e o peor, un ano máis, na construción.

O PIB por habitante de Galicia subiu en 2014 un 0,3%, e o estatal un 1,2%.

Galicia, que recortara en tres puntos porcentuais a diferenza co PIB por habitante medio estatal no quinquenio 2008-2013, tivo unha forte caída en 2014 (catro puntos porcen-

tuais) e quedou coa menor porcentaxe do último sexenio.

Segunda. O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro, que acadara en 2013 o récord na nosa historia (con 18.762 millóns de euros) baixou en 2014 a 17.826 millóns. O importe en 2014 das importacións/introducións do estranxeiro por Galicia foi de 14.540 millóns de euros (cunha lixeira diminución respecto de 2013). Poñendo nunha balanza os importes das vendas e o das compras ao estranxeiro, Galicia tivo en 2014 un superávit de 3.289 millóns de euros.

Terceira. O IPC baixou un 1% en Galicia e en España en 2014. En Galicia diminuíron os prezos en sete grupos de gasto, con especial intensidade no de comunicacións (-5,7%) e subiron lixeiramente en cinco grupos de gasto (só no ensino chegou ao 1%).

Cuarta. En taxa de risco de pobreza, Galicia está 6,8% puntos porcentuais por baixo da media estatal e só tres comunidades rexistraron en 2014 unha taxa máis baixa (País Vasco, Navarra e Madrid, as tres de maiores ingresos medios por habitante). Sen embargo, no último sexenio houbo unha notable suba da desigualdade.

Quinta. O peso relativo das remuneracións salariais no PIB, descendeu por terceiro ano consecutivo ata situarse no 44,5%, sendo no conxunto do estado do 45,5% e a media da UE do 49,3%.

Sexta. De acordo cos datos do Directorio Central de Empresas do INE, o número de empresas nas catro provincias galegas decreceu por sexto ano consecutivo, se ben o fai en menor medida que no conxunto estatal. As empresas galegas diminúen ao inicio de 2014 en 1.253 (un 0,65% menos con respecto ao ano anterior) e representan o 6,13 % do total estatal, a mesma porcentaxe do ano anterior, das que arredor da metade non teñen persoas asalariadas.

Sétima. Galicia rexistrou unha lixeira diminución do emprego no ano 2014, mentres que subiu un 2,5% na media estatal. A taxa de ocupación (57,4%) é semellante en Galicia e no total español (57,6%), mais están moi por baixo da taxa na eurozona (63,5%).

Oitava. En materia de economía social, aínda que sube lixeiramente o número de cooperativas inscritas na seguridade social no ano 2014, baixa en 92 o número de persoas traballadoras. Baixa tamén o número de sociedades laborais inscritas ao constituírense 42 sociedades no ano 2014 e causar baixa 64.

Novena. Por vez primeira desde 2010, a poboación desempregada baixou en 2014 un 6,1% en Galicia (17.100 persoas) e un 8,1% no conxunto do Estado.

A taxa de desemprego de Galicia baixou un punto en 2014 e a española dous puntos. Segue sendo menor en Galicia (21%) que na media estatal (23,8%), mais reduciuse o diferencial un punto respecto do ano anterior.

Décima. Os datos do paro rexistrado reflicten un descenso dun 7,6%. No conxunto do estado, a redución foi só do 5,7%.

A taxa de paro rexistrado acadou o 19,93% en 2014, presentando un peor comportamento no caso das mulleres, no que se chegou ao 21,75%, fronte ao 18,29% do colectivo masculino. Por idades, é o grupo de menores de 25 anos o que reflicte peor resultado cunha taxa de paro do 20,89%.

Por sectores de actividade é no sector servizos onde máis demandantes de emprego se concentran, pois supera á suma de agricultura e pesca, industria, construción e sen emprego anterior.

Décimo primeira. Galicia foi unha das tres comunidades autónomas (xunto con Asturias e Castela León), nas que baixou a poboación nos últimos catro anos. O devalar demográfico de Galicia vaise facendo mais intenso cada ano, e en 2014 multiplica por sete a diminución porcentual do ano 2011. Diminuíu tamén por terceiro ano consecutivo a poboación estranxeira inscrita no padrón municipal en Galicia que pasou de 112.183 persoas inscritas no ano 2011 a 98.245 persoas inscritas no ano 2014.

Decimo segunda. Na contratación mantense unha maior representación dos homes (53%) fronte ás mulleres (47%). Aparece tamén un maior uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (en 2014,

por vez primeira, o eventual por circunstancias da produción a tempo parcial superou ao de xornada completa) e un menor concerto de contratos indefinidos.

Hai que destacar que seguen a existir modalidades contractuais eminentemente femininas, como a de interinidade (71%) e a de prácticas que volve superar aos contratos concertados con homes. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

Décimo terceira. Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas, etc.) as mulleres galegas percibiron un salario medio anual inferior nun 22,6% ao dos homes. O 36% das mulleres galegas tiveron ingresos anuais iguais ou inferiores ao salario mínimo interprofesional.

O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 80% do das prestacións recibidas polos homes. De igual xeito, as pensionistas galegas só percibiron como media o 74% do importe das pensións do colectivo masculino.

Décimo cuarta. As excedencias para o coidado de familiares foron solicitadas por mulleres nun 82% dos casos. Porcentaxes similares danse nas excedencias por coidado de fillos e fillas (94% de mulleres). Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos e nenas, persoas enfermas ou incapacitadas, o 96% son mulleres.

Décimo quinta. No ano 2014 produciuse un incremento das contratacións, acadando 786.408 contratos.

Do total de contratos rexistrados, un 92.2% o foron baixo unha modalidade de duración temporal, e só o 7,8% foron de xeito indefinido.

A modalidade contractual máis utilizada segue a ser o contrato eventual por circunstancias da produción (43% dos contratos iniciais). En segundo lugar atópase o contrato de obra ou servizo determinado (36% dos

contratos iniciais).

En relación á xornada, o máis significativo foi o incremento dos contratos a tempo parcial, que acada o 36,6% no ano 2014.

A taxa de temporalidade no sector privado chegou ao 25,8% no colectivo masculino e o 25,4% no feminino. No sector público situouse no 13,3% e 23,5% para homes e mulleres, respectivamente. A rotación anual dos asalariados galegos foi de 4,16 contratos eventuais por cada traballador, mentres que nas asalariadas galegas acadou os 3,50 contratos.

Décimo sexta. Con datos da Seguridade Social, no ano 2014 incrementase globalmente a cifra de empresas inscritas, e pódese observar que é superior o número de autónomos sen persoal asalariado, que é o grupo que máis medra neste ano. Destaca a ocupación elevada de persoas traballadoras en empresas cuxa titularidade corresponde a persoas xurídicas.

Se ben non se incrementa o número de empresas de traballo temporal, en todas as provincias galegas aumenta o número de contratos de posta a disposición efectuados por estas.

Décimo sétima. Por vez primeira desde 2009, no cómputo anual de 2014 (media anual), troca a tendencia á diminución anual do número de persoas afiliadas á Seguridade Social, tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Na Comunidade Autónoma galega o número de persoas afiliadas increméntase en media anual no ano 2014 en 4.400 cotizantes. As 921.800 persoas afiliadas en alta, en media anual, representan o 5,57% do total do Estado.

Décimo oitava. A relación entre persoas activas e pasivas no sistema da Seguridade Social mantén en 2014 a porcentaxe do ano anterior. Increméntase o número de prestacións, pero tamén en proporción similar as persoas afiliadas, representando en Galicia 1,24 cotizantes por pensionista, fronte ao 1,80 do conxunto do Estado (onde se mantén tamén a mesma porcentaxe).

Décimo novena. Increméntanse en cómputo anual ao fin de 2014 as afiliacións á Se-

guridad Social no colectivo das mulleres, 3.040, que pasan a representar en decembro do citado ano o 48,61% do total das persoas afiliadas en Galicia.

Vixésima. Da formación de demanda dirixida á poboación ocupada en Galicia participaron un total de 173.381 persoas, 99 máis co exercicio do ano anterior. Advírtese neste grupo un lixeiro incremento da porcentaxe de homes participantes, que segue a ser maior que o das mulleres: do total de participantes, 101.596 (58,6%) son varóns, mentres que 71.785 (41,4%) son mulleres. A maior porcentaxe de participantes concéntrase no grupo de idade de 36 a 45 anos, en ambos sexos.

Respecto aos contidos formativos con maior número de participantes, destaca que “Prevención de riscos laborais en xeral” concentra un ano mais o maior número, 40.122 (23,10%), mentres que as dúas seguintes accións de maior número de persoas formadas son a “Xestión de recursos humanos” (7,40%) e “Seguridade alimentaria” (6,80%). A continuación sitúanse as de “Idiomas” e “Informática nivel usuario” como cuarta e quinta opción mais seguidas.

Vixésimo primeira. Logo da tendencia descendente na sinistralidade laboral nos últimos anos, no 2014 en Galicia, o mesmo que en case toda España, incrementouse o total de accidentes en xornada de traballo, cun aumento do 3,79%, e un incremento nos accidentes mortais superior ao 25%. Na clasificación por actividades económicas dos accidentes, o comercio e a construción, nas súas diversas modalidades, son con grande diferenza as actividades que, en xeral, máis sinistralidade rexistran, nas que resalta a cifra dos accidentes mortais na pesca.

Vixésimo segunda. No que se refire ao índice de incidencia, Galicia está por baixo do índice estatal no total de accidentes, tendo nove comunidades, e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, un maior índice de incidencia. Se nos fixamos no índice de incidencia de accidentes mortais, Galicia ocupa o segundo lugar das comunidades, cun índice que está máis de catro puntos por riba da media estatal. Na evolución destes índices en Galicia, observase un incremento en relación cos anos anteriores.

Vixésimo terceira. O número de convenios colectivos que existen en Galicia a 31 de decembro de 2014, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, é de 896, dos cales 122 son de sector e 774 de empresa. Asináronse por primeira vez este ano 35 novos convenios (todos de empresa), dezaseis na Coruña, cinco en Lugo, un en Ourense, once en Pontevedra e dous de ámbito autonómico.

Vixésimo cuarta. O incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados en 2014 foi do 0,52%, o incremento mais baixo desde que hai rexistros no Consello Galego de Relacións Laborais, aínda que esta media é superior ao IPC galego e ao estatal deste ano que foron do -1,0%.

O 11,81% dos convenios asinados, e o 40% dos revisados recollen cláusulas de revisión salarial. O 72,22% dos convenios asinados este ano recollen pactos de ultraactividade. Nos convenios de sector a porcentaxe de convenios con pacto de ultraactividade é do 80% e nos de empresa do 71,32%.

En materia de xornada, a media pactada no ano 2014 foi de 1.766,64 horas, sendo máis reducida nos convenios de empresa (1.730,69 horas) fronte aos de sector (1.775,86 horas). Son 99 convenios colectivos (o 68,75% dos asinados este ano) os que indican unha xornada inferior á máxima legal (9 de sector e 90 de empresa).

Vixésimo quinta. Rexistráronse en 2014 en Galicia 194 inaplicacións de convenio (180 en 2013 e 61 en 2012) que afectan a 2.771 persoas traballadoras, das que 1.290 son homes e 1.481 mulleres.

Respecto das condicións de traballo que se inaplican, no 95,88% refírense á contía salarial, sendo dentro destas a redución do salario a que máis se produce (72,68%).

No 78,87% das inaplicacións rexistradas, ao non existir representación legal das persoas traballadoras, a composición da comisión negociadora correspóndese co establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores (comisión dun máximo de tres membros integrada por persoas traballadoras da propia empresa e elixida por estas democrática-

mente). O 87,11% das empresas que inaplicaron convenios colectivos en 2014 teñen menos de 31 persoas traballadoras.

Vixésimo sexta. Con datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, a conflitividade laboral diminuíu sensiblemente neste ano, dato que se aprecia no descenso do número de folgas, participantes e xornadas non traballadas.


Vixésimo sétima. En expedientes de regulación de emprego, diminúen neste ano tanto o número de expedientes como o de persoas traballadoras afectadas, feito que se produce en todas as comunidades autónomas, tanto en despedimentos colectivos, como en suspensión de contratos e redución de xornada, o que supón en Galicia unha redución dun 43% de persoas afectadas.

Vixésimo oitava. O número de persoas perceptoras en Galicia da prestación económica de desemprego sitúase en media anual do 2014 en 134.783, cunha diminución do 13,31% con respecto ao ano anterior e supón o 5,30% do total estatal. Máis da metade das persoas perceptoras da comunidade autónoma (55,7%) sono dunha prestación asistencial (subsídio ou renda activa de inserción).

Vixésimo novena. As 938.543 persoas beneficiarias do conxunto de prestacións sociais en Galicia supoñen o 34,15% do total da poboación, porcentaxe que é 7,74 puntos máis elevada que o correspondente ao total do Estado. O importe mensual destas prestacións, preto de 688,2 millóns de euros en xaneiro de 2015, representan en Galicia unha contía de 250,37 euros por persoa beneficiaria.

Trixésima. Se analizamos os resultados dos procesos electorais en Galicia durante o período de catro anos e tendo en conta os representantes con mandato en vigor a 31 de decembro de 2014 segundo a data de rexistro das actas, pódese ver que a central sindical UGT-Galicia, cun 29,99% do total, é a que obtivo maior número de representantes (5.086), seguida do SN de CC.OO. de Galicia e CIG con 28,01% e 26,81%, respectivamente (4.750 y 4.547 representantes), o resto dos sindicatos e grupos de traballadores acadan un total de 2.574 representantes (15,18%).

Este informe pode consultarse así mesmo na web do organismo: <http://cgri.xunta.es> (publicacións)



Informe sobre a situación da negociación colectiva en Galicia

O informe anual sobre a situación da negociación colectiva na Comunidade Autónoma de Galicia vense realizando practicamente desde a creación do Consello Galego de Relacións Laborais e publícase, polo xeral, no primeiro semestre do ano seguinte ao de referencia.

Non obstante, a Lei 3/2012, do 7 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, modificou a redacción do artigo 86.3 do ET e introduciu a limitación a un ano da ultraactividade dos convenios vencidos, polo que tiveron que revisarse as cláusulas de moitos convenios. Isto ocasionou un retraso na publicación dos informes dos últimos anos. O correspondente a 2012 saíu en 2014, e a finais de 2015 estaba listo para a imprenta o informe conxunto de 2013-2014, cuxa publicación se prevé para os primeiros meses de 2016.

Este informe podrá consultarse na páxina web do organismo: <http://cgri.xunta.es>



Boletín de negociación colectiva

Desde 2009, primeiro ano de funcionamento do Observatorio Galego de Negociación Colectiva como órgano colexiado adscrito ao Consello Galego de Relacións Laborais, o persoal do organismo elabora un boletín que se publica con carácter trimestral e que analiza a conxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva en Galicia: número de convenios colectivos existentes, os asinados e revisados, número de convenios asinados por primeira vez, incremento salarial pactado, xornada media pactada, convenios que conteñen cláusulas de revisión salarial e pactos de ultraactividade e máis datos de interese. Analiza tamén o boletín a negociación colectiva estatal con aplicación en Galicia. A vocación é de chegar a todos os recunchos de Galicia e a todos os axentes sociais como fonte de difusión e coñecemento da nosa realidade.

Xunto ao estudo da evolución da negociación colectiva, o boletín contén tamén os datos de interese sobre os principais indicadores económicos de Galicia.

Na páxina web do Consello <http://cgri.xunta.es> poden consultarse todos os boletíns publicados desde outubro de 2009 ata outubro de 2015.



Boletín de información sociolaboral

Este boletín é unha nova iniciativa do Consello Galego de Relacións Laborais, coa que pretende poñer a disposición dos participantes no mercado laboral unha ferramenta para o coñecemento máis axeitado do noso contorno. O boletín, que ven completar ao boletín que o Consello dedica á negociación colectiva desde o ano 2009, e que conta cunha grande aceptación entre os seus destinatarios, manterá tamén unha periodicidade trimestral, e condensará os datos máis significativos que inciden na situación sociolaboral, tales como a poboación, PIB, paro rexistrado, contratos celebrados, afiliación á Seguridade Social, sinistralidade, etc.

Editase directamente desde o Consello.
O primeiro número saíu o 24 de abril de 2015.


Na páxina web do Consello <http://cgri.xunta.es> poden consultarse todos os boletíns publicados.



As 67 dúbidas máis frecuentes na negociación colectiva

Trátase dun texto elaborado polo departamento de Dereito de Traballo da USC e nel recóllense tamén as achegas facilitadas polas organizacións empresariais e sindicais presentes no Consello. Foi aprobado polo Pleno do Consello o 17 de decembro de 2014. Editouse en papel en febreiro de 2015 e posteriormente fíxose unha reimpresión.

Pode consultarse na páxina web do Consello:
<http://cgri.xunta.es>



As 34 preguntas máis frecuentes na elaboración dun plan de igualdade

A Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, creada pola Lei 2/2007, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, é un órgano adscrito organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais, que promove a igualdade no eido da negociación colectiva e das relacións de traballo colectivas.

Dado o seu carácter de órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega, acordou en 2015 elaborar unha pequena guía coas dúbidas que con máis frecuencia se formulan por parte de quen elabora ou pretende elaborar e negociar un plan de igualdade.



Esta publicación quere ser un elemento de utilidade para aquelas cuestións máis básicas que se formulan polas persoas negociadoras dun plan de igualdade.

Pode consultarse na paxina web do Consello: <http://cgrl.xunta.es> (publicacións)



PERSOAL DO CONSELLO





Persoal do Consello

De acordo co artigo 14º da lei reguladora, o persoal ao servizo do Consello poderá ser funcionario ou laboral, segundo o establecido na correspondente relación de postos de traballo e rexerese pola normativa da comunidade autónoma en materia de persoal ao servizo da Administración pública. Actualmente o persoal do Consello é exclusivamente persoal funcionario.

A relación de postos de traballo é a seguinte:

- un posto de secretaria ou de secretario do Consello (30)
- unha xefatura de Servizo Xurídico e de Solución de Conflitos (28)
- unha xefatura de Servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios (28)
- unha xefatura de Sección de Xestión Orzamentaria (25)
- unha xefatura de Sección de Informes e Publicacións (25)
- unha xefatura de Sección de Habilitación e Persoal (25)
- unha xefatura de Sección Xurídica (25)
- unha xefatura de Negociado de Habilitación (20)
- unha xefatura de Negociado (18)
- un posto de secretario ou de secretaria da presidenta ou do presidente do Consello (18)

- un posto de secretario ou de secretaria da secretaria ou de secretario Consello (16)
- dous postos base administrativo (14)
- dous postos base de auxiliar administrativo (12)
- un posto base de ordenanza (10)

A unidade administrativa é a Secretaría Xeral, que agrupa as seguintes áreas

1. Área Xurídica e de Solución de Conflitos. Ten asignada como funcións principais a de apoio á secretaria xeral na análise da normativa estatal e autonómica que incida nas funcións do Consello e na elaboración de informes sobre proxectos normativos sometidos a ditame, así como a de xestionar a tramitación dos expedientes de conciliación e mediación e de arbitraje que se inicien ao abeiro do AGA.
2. Área de Negociación Colectiva. Ten encomendada a xestión do programa informático Necol e o seguimento puntual dos contidos dos convenios colectivos e revisións salariais negociadas, así como a elaboración periódica dos distintos informes demandados sobre a negociación colectiva en Galicia.
3. Área de Estudos, Informes e Publicacións. Asume as funcións de elaboración e coordinación dos estudos e informes que se realizan a iniciativa propia e das publicacións periódicas que edita o Consello, entre as que

destacan a de ditames emitidos, a memoria de actividades do organismo e o informe anual sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Área de Xestión de Persoal, Administración e Xestión Económica. Ten encomendada a xestión de persoal, a administración do organismo e a contratación e servizos de mantemento, así como o seguimento e control do orzamento do Consello e a xestión económica e contable. Así mesmo, é a encargada da organización de cursos, seminarios e encontros de debate social, entre os que destaca o Curso Superior de Relacións Laborais.
5. Área de Documentación e Arquivo. Xestiona a documentación técnica, as bases de datos documentais e o arquivo documental e fondo bibliográfico do Consello.

A continuación, reflíctese, por orde alfabética, a relación de traballadoras e traballadores que durante 2015 prestaron os seus servizos no Consello:

- Celso Araujo Castro
- Ignacio Bouzada Gil
- Carmen Cabanas Carlín
- Tina Campo Fernández
- Gumersindo Donas Vázquez
- Borja Fernández Eiras
- Silvia García Roca
- Ana Iglesias Pardo
- Vanessa Lorenzo Aniceto
- M^a Isabel Mosquera Bonome
- Marisa Peña Cebreiro
- María Precedo Castro
- Beatriz Rivas Bibian
- José Luis Tato Castiñeira
- Tino Varela Guerra



CONCERTOS DE
COLABORACIÓN
PARA A REALIZACIÓN
DE PRÁCTICAS





Concertos de colaboración para a realización de prácticas

En virtude do concerto de colaboración asinado entre o Consello e a Universidade de Santiago para a realización de prácticas de alumnas e alumnos de últimos anos de carreira en empresas e organismos oficiais, resultaron seleccionados, entre outros candidatos e candidatas, Silvia M^a Blanco Iglesias, estudante de Dereito; Diego Fernández Vázquez, estudante do Grao de Relacións Laborais e Jesús M^a Rial Rama, estudante do Máster en Xestión e Dirección Laboral.

O período de prácticas abrangueu os meses de febreiro a xullo, ambos os dous inclusive. No mes de febreiro desenvolveu a súa actividade Silvia Blanco (80 horas). Durante os meses de marzo, abril e maio, Diego Fernández realizou a súa estancia de 300 horas. Finalmente, Jesús Rial estivo durante o mes de xullo realizando a materia de prácticas (120 horas).

A realización das prácticas permitiu aos bolseiros adquirir unha visión de conxunto das actividades que desenvolve este organismo, particularmente na área de estudos e de negociación colectiva.

Silvia M^a Blanco Iglesias desenvolveu as seguintes actividades:

- 1) Asistencia a xuntanzas do Comité de ditames e das Mesas negociadoras dos convenios colectivos de actores e actrices de teatro de Galicia e de eventos culturais.

- 2) Realización dun estudo comparativo de convenios colectivos provinciais do sector de confeitías en Galicia.

- 3) Elaboración dun estudo sobre as materias obxecto de debate nas xornadas sobre cuestións de actualidade laboral.

- 4) Tratamento dos datos do IGE e do INE para a elaboración de estatísticas para incluír no Boletín de Información Sociolaboral do Consello e realización dun estudo detallado de diversos parámetros indicadores da situación social, como a EPA e a evolución do PIB.

Pola súa parte, Diego Fernández Vázquez realizou as seguintes actividades:

- 1) Asistencia a varias xuntanzas das mesas negociadoras do convenio autonómico de actores e actrices de teatro de Galicia, á da sinatura do convenio autonómico do sector de pompas fúnebres de Galicia e á da constitución da mesa negociadora do convenio colectivo de parques de bombeiros comarcais de xestión indirecta de Galicia.

- 2) Realización de estudos comparativos dos convenios colectivos do sector de panadarías e do sector de panadarías e confeitías das catro provincias galegas.

3) Colaboración nun estudo sobre a extensión dos convenios colectivos a nivel estatal.

4) Asistencia á xornada organizada polo Consello Galego de Relacións Laborais sobre Cuestións laborais polémicas en 2015 e colaboración no resumo dos relatorios expostos.

5) Colaboración na actualización de datos estatísticos e de indicadores económicos e laborais nun informe sobre a situación sociolaboral da muller en Galicia en 2014.

6) Participación na elaboración dun traballo sobre a igualdade de xénero nas relacións laborais.


Pola súa banda, Jesús M^a Rial Rama desenvolveu, entre outras, as seguintes tarefas:


1) Asistencia, xunto co persoal do Consello, ás xuntanzas de mediación para resolver conflitos de traballo entre empresas e sindicatos, o que lle facilitou formación práctica, coñecemento das técnicas de solución de conflitos laborais e coñecemento de técnicas de negociación.

2) Participación na elaboración do Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2014, particularmente, na parte dedicada á muller traballadora.



GASTOS ORZAMENTARIOS





GASTOS ORZAMENTARIOS	2014	2015
Arrendamentos	9.406,05	10.020,09
Reparacións, mantemento e conservación	8.207,43	7.313,39
Material de oficina	6.843,13	8.748,14
Subministracións	7.243,84	10.080,25
Comunicacións	3.128,07	1.864,55
Publicidade e propaganda	1.452,00	1.840,00
Gastos diversos	11.606,32	6.779,90
Reunións e conferencias	38.640,88	39.553,53
Limpeza e aseo	8.927,15	8.615,16
Seguridade	11.848,90	10.721,14
Estudos e traballos técnicos	35.396,42	29.148,01
Remuneracións a axentes mediadores	24.212,92	14.723,06
Publicacións	17.526,29	12.842,80
Indemnizacións por razón do servizo	4.787,06	3.455,60
Outras indemnizacións	202.000,00	185.840,00
Total gastos servizos exteriores	391.226,46	351.545,62
Subvención á USC (Curso Superio Relacións Laborais)	45.000,00	43.650,00
Gastos de capital	4.519,35	6.316,20
Total gastos de persoal	589.926,14	614.113,71
TOTAL GASTOS	1.030.671,95	1.015.625,5



XUNTA
DE GALICIA



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS